

HOMENAXE A XOSÉ VIZOSO

Fillo Predilecto de Mondoñedo

Homenaxe a Xosé Vizoso
Fillo Predilecto de Mondoñedo
Primeira edición: marzo 2017

Coordinación da obra
Colectivo Mondoñedo É...

Revisión lingüística
Montserrat González Álvarez

Fotografías
Os seus autores

Deseño e maquetación
Xosé Vázquez Castro

Impresión
Tórculo Comunicación Gráfica S.A.

ISBN
978-84-8192-538-8

Depósito legal
LU 34-2017

©dos textos: os seus autores
©das fotografías: os seus autores
©desta edición: Deputación de Lugo

Edita
Servizo de Publicacións
Deputación de Lugo

ÍNDICE

Páxina

Saúda do presidente da Deputación de Lugo

Darío Campos Conde..... 5

Presentación

Comisión organizadora..... 6

Biografía

Xe Feyre..... 7

Primeiros Pasos

Juan Puchades..... 17

Ilustracións

Armando Requeixo..... 21

Deseños Cerámicos

Caxigueiro..... 31

Carteis

Antonio Reigosa..... 41

Escultura

Pedro Cabarcos..... 51

Murais

Xoán Guerreiro..... 61

Caricaturas

Caxoto..... 71

Retratos

J. Pedro Gómez..... 81

Logotipos

Fran Bouso..... 91

Teatro

Francisco Piñeiro..... 101

O Vizoso Oculto

Miguel Fernández Cid..... 109

Agarimos para Xosé Vizoso..... 115



HOMENAXE A XOSÉ VIZOSO

Fillo Predilecto de Mondoñedo

Unha das maiores satisfaccións que nos proporciona a participación na xestión cultural da provincia desde a Deputación é a de ter a oportunidade de coñecer as persoas que levan toda unha vida sendo claves na conformación do noso patrimonio cultural colectivo. Este é o caso de Xosé Vizoso, un artista que apenas aparece nos medios de comunicación pero que no case medio século que leva dedicado á arte foi quen de construír unha extensa, variada e moi cualificada obra.

Xosé Vizoso expuxo no outono de 2016, no refectorio do Museo Provincial de Lugo, unha mostra do seu quefacer como cartelista, coincidindo coa celebración das Festas de San Froilán. Foi unha das exposicións temporais que máis visitas recibiu, o que proba que os seus carteis son do gusto dun amplo sector da poboación.

Sabemos que dedicou toda a súa vida profesional ao deseño en Sargadelos; del son unha gran parte das populares pezas cerámicas fabricadas nesta prestixiosa factoría ao longo de moitos anos. Ilustrou numerosos libros e exerce de escultor; de feito, o Museo Provincial ten entre os seus fondos un *San Froilán*, obra premiada no certame convocado con motivo do Bimilenario de Lugo, alá polo 1976.

Mais isto non é todo, nin moito menos. Grazas a esta publicación descubrimos nós, e cremos que tamén a inmensa maioría dos nosos conveciños, a magna obra dun artista que, ademais de deseños, carteis, ilustracións ou esculturas, fixo, sempre con gran maestría, retratos e caricaturas, murais e decorados teatrais, que pintou e debuxou sen descanso des que comezou a despuntar nos anos de instituto, guiado polo profesor Juan Puchades a finais da década dos sesenta. Moita desta obra permanece inédita, está en lugares pouco accesibles ou forma parte de coleccións particulares.

Vizoso é mindoniense de nacemento e isto, probablemente, ten que ver, e moito, coa súa arte. Sabemos que, ademais de grande artista, é persoa que cultiva a amizade e fai do humor un modo de vida. O concello de Mondoñedo acaba de concederlle a honra de nomealo Fillo Predilecto e no capítulo deste libro, denominado Agarimos, van ducias de mensaxes, pintadas ou escritas, da autoría de moitos amigos e amigas; un patrimonio emocional impresionante.

Desde a Deputación de Lugo sentimos que coa edición deste libro cumprimos unha obriga, unha débeda polo moito que Xosé Vizoso nos leva entregado. Sumámonos á homenaxe que se lle rende e felicitámolo polo nomeamento como Fillo Predilecto de Mondoñedo.

Esta publicación, editada polo Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo, tenta facer visible a obra de tantos anos de traballo amosando unha panorámica de todas e cada unha das súas facetas creativas. A través dos textos de diferentes especialistas e das imaxes que se reproducen, unha mostra selecta da súa obra, poderán vostedes descubrir e sorprenderse coa gran dimensión de todo o seu quefacer.

Textos e imaxes que poden ser o xermolo doutros estudos e investigacións arredor da obra deste artista inmenso e xeneroso. E, sobre todo, supoñen un punto e seguido para o propio artista, un creador en plenitude ao que só nos queda agradecerlle que nos siga agasallando coa maestría do seu lapis e co fantasmar da súa imaxinación.

Darío Campos Conde

Presidente da Deputación de Lugo

PRESENTACIÓN

Como queda ben patente nas colaboracións que adornan esta publicación, Xosé Vizoso, ademais de ser un grande, enorme artista, é persoa que convoca sinceros e emocionados afectos.

Reunímonos aquí, arredor da luz harmónica que irradia unha persoa tan xenerosa, varias ducias de amigas e amigos que coñecemos, convivimos ou compartimos con Vizoso innumerables angueiras. Xentes que desde a admiración e o respecto á obra do artista e desde o cariño a Xosé, queremos berrar alto e forte que o queremos, e que esta homenaxe non é senón unha obriga, unha débeda contraída por todo un país con todo o que significa e representa o seu quefacer.

Capítulo a capítulo deste libro poderedes comprobar, a través dos textos e imaxes que se insiren, e desde as múltiples facetas creativas que experimentou, a magnitude da obra dun creador ao que aínda, na plenitude vital, lle queda moito tempo e máis talento para sorprendernos. E na sección que chamamos Agarimos, reberetada de textos e imaxes, a palabra e a imaxe emocionadas; sempre cómplices.

Sabemos que Vizoso estaría disposto a debuxar para todas e todos nós, coma se fósemos Ling, un barco como aquel que fixo aparecer o pintor Wang-Fô, e que unha vez pintado navegase nun mar de xade azul ata perderse no horizonte, liberándonos así de calquera tiranía. Ou que, e agora recuperamos a fábula do amado Álvaro Cunqueiro, se tivese para si en exclusiva o olor da derradeira mazá existente no universo pintaría todo o que nos rodea con ese olor para impregnar o mundo de felicidade e optimismo.

Como comisión encargada de que os actos de homenaxe a Xosé se axusten, na medida das nosas capacidades, aos méritos do homenaxeado e aos afectos que lle profesamos, correspóndenos agradecer o entusiasmo e a colaboración aberta e desinteresada, tanto das institucións como das asociacións e persoas que puxades polo éxito desta empresa. Xa anticipamos que por razóns de espazo, e tamén por descoidos da memoria, que de todo hai, esquecemos nomes que deberan estar. Pedimos desculpas.

En primeiro lugar, debemos agradecerlle á familia de Xosé a paciencia polas molestias causadas. E tamén temos que agradecerlle á corporación municipal de Mondoñedo, o concello natal e moi querido de Vizoso, a unanimidade á hora de distinguilo como “Fillo Predilecto”. Honra que Vizoso merece e que, xusto é recoñecelo, goberno e oposición mindoniense souberon atender oportunamente.

A todas as persoas que achegaron os seus textos e imaxes, tanto para os capítulos temáticos como para o apartado, máis afectivo e persoal, que chamamos “Agarimos para Xosé Vizoso”, grazas. Coa achega descubrimos un gran artista, en certa medida ignorado, cuxa obra era ata o de agora, agás nos ámbitos profesionais e artísticos, pouco e mal coñecida. Nomes de persoas que se dedican á creación, á investigación, á escrita, á xestión do público e do privado, veciños e veciñas ... que quedan sen nomear por ser longa a listaxe, como quedan sen dicir os nomes doutras moitas persoas imprescindibles para a boa marcha deste evento.

No que atinxe á difusión da homenaxe agradecemos a colaboración nos deseños (carteis, tarxetas) de Alicia Puchades e a oferta xenerosa de Gráficas Lar para imprimir este material. E a Armando Patiño Nimo e a Julio Mallo Nieto por estardes na intendencia deste proxecto.

Un agradecemento moi especial merece Xosé Vázquez Castro, a persoa que con paciencia e bo facer se encargou da maqueta, de vestir para darlle unha fermosa aparencia a esta publicación.

E xa por último, a nosa gratitude á Deputación de Lugo que, a través da Área de Cultura e o Servizo de Publicacións, se encargaron de editar este Libro Homenaxe tan urxente e necesario para pregoar urbi et orbi a excelencia inmorredoira da obra do noso homenaxeado.

Desde a Asociación As San Lucas e o Colectivo Mondoñedo É..., eterna gratitude. Xosé Vizoso merecía esta homenaxe que entre todos e todas fomos quen de facer realidade. Congratulémonos!

Comisión organizadora

BIOGRAFÍA

Xe Freyre

Retrato do artista como gaitero

Podería debuxarse como forzado de circo ou como varudo sarxento francés nas trincheiras da Gran Guerra, mesmo tamén como un porteiro de fútbol con gorra de viseira, estomballado indolente contra o poste da portería. Abofé que fasquía ten de todo iso. Mais Xosé Vizoso escolleu autorretratarse como gaitero. Será porque así se sente e así se ve: un gaitero mozo baril, tocado con monteira, a camisa arregazada, os dedos ledos choutando no punteiro, a mirada envisa... Ó seu redor, unha vizosidade de plantas, bagas, flores, paxaros, coscos... a vizosidade do seu apelido levada á plana, marca inequívoca da súa autoría.

Como a madame Bovary de Flaubert, todos os gaiteros da súa obra son un pouco o propio Xosé: o artista total, debuxante, ceramista, escultor, cartelista, ilustrador, caricaturista, deseñador, grafista, escenógrafo... o arco iris completo das artes plásticas nas súas mans. Pero tamén o alegre conversador, o amigo xeneroso e desinteresado, o modesto contumaz, sinxelo e humilde e, non menos, o alegre gastrónomo e o noctívago esmorgante. Todo isto e moito máis caracteriza a este eterno pícaro de Mondoñedo.

Agora chámase de Álvaro Cunqueiro, pero cando Xosé Vizoso Fernández se criou nela respondía ó nome de Méndez Núñez. A rúa, un trazo sinuoso que dobra en si en dúas voltas, parte ó pé da Fonte Vella, á altura da casa onde naceu o autor de *Merlín e familia*, casa capitana da rúa pois vai sinalada co nº 1 e prolóngase ata a costíña que remata na cruz do beato Diego de Cádiz, emparedada no muro que soportaba os desaparecidos castiñeiros do bosque de Marzo. Nos outonos de outrora, aqueles castiñeiros deitaban a súa follaxe sobre a rúa, cubrindo os lastros cun groso manto húmido, recendente e vexetal, no que os pícaros gustabamos xogar arando sucos cos pés. Lembro os matices todos dos ocres daquelas follas e, aínda que xa desapareceran as árbores, cando hoxe me entra a señardade daquelas cores, que son as da infancia, acudo a refrescar a memoria na contemplación dalgúns dos carteis de Vizoso para As San Lucas.

Unha furna coa talla popular dun Cristo marca o preludio ó leve requeixo no que culmina a rúa. No outro cabo, na Fonte Vella, ábrese nunha praza cara ó pazo episcopal. Entre un e outro extremo, había a mediados do século pasado moita vida e moito afán: obradoiros de xastres e latoeiros, comercios de ultramarinos e ferraxería, forno de pan, despacho de carne, barbería... e pícaros, ducias de pícaros algareando.

A este concreto teatro vilego incorporouse Xosé Vizoso, neno de dous anos, a inicios da década dos cincuenta. De estirpe procedente de Zoñán e Cesuras, aldeas da rilleira que abriga o val de Mondoñedo polo poñente, naceu na rúa Pardo de Cela o 26 de marzo de 1950, mais axiña a familia, o matrimonio formado por Venancio e Josefa, cruza a praza da catedral cos seus catro fillos e instálase na casa sinalada hoxe co número 19 da rúa Álvaro Cunqueiro, berce dos seus recordos máis antigos.

Dúas quellas pinas abocan na rúa, dúas calellas cuxos nomes se me antollan dun alto valor simbólico en relación á formación de Xosé Vizoso como debuxante e como persoa: a rúa de Pardiñas e o “calexón do Trasno”, este último denominado tamén rúa das Congruas.

Detrás dese “pardiñas” agóchase, se callar, un “parietinas”, é dicir, unhas paredes. Talvez aquelas caleadas da súa infancia nas que, segundo confesión, cando só contaba tres ou catro anos, gustaba de escunchar tirando capas de cal que as cubría. A imaxinación do neno Xosé —que intuía formas naqueles descrouchados coma quen as adiviña nas nubes do ceo— e o seu temperán gusto polo debuxo, levábano a completalas con trazos á procura das figuras que elas escondían. Porque Vizoso comezou a debuxar moi neno. El mesmo ten afirmado en máis dunha ocasión: “Eu nacín co lapis de práctica na orella e mais na man. Non recordo outra cousa máis que debuxar sempre”. Un gusto este de debuxar nas paredes, case sempre alleas, que o acompañará o resto da súa vida, aínda que na idade adulta xa co consentimento, cando non convite, dos seus donos. Unha das múltiples facetas deste artista maniféstase na arte parietal: os murais de Foz (1981), do Instituto Anxel Fole de Lugo (1987), do Alto do Furriolo (2006)...

De precisar a idade dos seus comezos como debuxante, a min gústame imaxinar que foi ós cinco anos. En 1955 un seu veciño, nado na casa capitana da rúa, reflexionaba por escrito: “Quizaves millor que decila fora pintala”. E o neno Xosé, aínda na idade da absoluta inocencia, tomou tan ó pé da letra aquel consello, galano de tamaña autoridade, que dende entón non deixou de plasmar no papel toda a vida que o arrodaba. Calquera superficie era boa para debuxar, calquera momento o idóneo, calquera veciño un modelo para inmortalizar. E de todo iso tiña

Vizoso unha fartura á man: “Desde pequeno deixei encantar polos tipos máxicos e algo tronados que dá a miña terra, ós que me gustaba retratar en debuxos; como, salvando as distancias, Cunqueiro fixo na súa literatura”.

Destes tempos da infancia procede unha das imaxes icónicas da súa obra gráfica: os cabalos. Aínda hoxe a rúa é a entrada para o cabalar que acode ás feiras das San Lucas, o que procede das terras de Argomoso, Cadavedo, Santa María Maior... Hogano acode o mesmo día da feira, de madrugada, e antes, cando o neno Xosé quedou subxugado por aquelas estampas, baixaba do monte tres ou catro días antes da feira. Posto no portal da casa, os ollos regalados, o neno vía pasar as greas camiño do feiral, aquelas bestas asustadas, os garañóns, os poldros atados á cola da egua... “Iso me quedou gravado e sempre me deu por debuxar cabalos”. A primeira vez que bosquexou un, lembra, foi sobre a lousa de aprender as letras, cando aínda acudía como párvulo á escola particular de Amalia de Picaza, a uns metros da casa.

Foi a súa, como o foi a do común dos nenos do seu momento, unha infancia pouco abastada no material, unha nenez de colchón de follato. Secasí non obstou para que Xosé medrara como un neno tarabelo e ridor, de ollos abraídos ante a vida que gurgullaba ó seu rente, absorbendo gorentoso todo aquel cachón de experiencias e sensacións.

Tras a infancia, e polas escaleiras do “calexón do Trasnó”, asomaron o bozo, a adolescencia e a xuventude. Xosé Vizoso é un mozote argalleiro, conversador incansable, frecuentador de todos os faladoiros, magnánimo co seu tempo para os amigos e gran maquinador de brincadeiras, un mozo ó que non lle cabía a alegría no corpo. Foron aqueles días da xuventude xeiras famosas de *Ei, carballeira!*, se cadra non ben comprendidas por un pai que non fora agraciado con tamaño sentido do humor. Seguramente constará nalgún dos libros rexistro de actividades do inferno, que xamais o demo foi tan demo como cando andou en comandita con Xosé Vizoso.

Entrementres prosegue a súa educación, tanto académica como sentimental. Tralo paso pola escola unitaria da Alcántara, a idade conduciuno ó Instituto San Rosendo. Alí atoparase co escultor Juan Puchades, un valenciano naturalizado en Mondoñedo, catedrático de Debuxo no instituto. Puchades, que será o seu primeiro mentor, xa sabía das habilidades innatas de Vizoso. Faláralle do incipiente artista Patricio Vijande, veciño de porta con porta, inicial valedor do seu talento e moi amigo.

O contacto con Puchades, que transcende a simple relación profesor-alumno, supón para Vizoso a primeira inmersión na técnica do debuxo. Ata daquela o mozo Xosé debuxaba sen descanso, case compulsivamente, en estudos improvisados nas xastrerías, nos obradoiros dos cazoleiros, na taberna. Calquera sitio onde puidera dispor dunha superficie axeitada e onde se prestara o modelo, servíalle a Xosé para, lapis en man, ceibar todo o seu chorro creativo, debedor entón máis da intuición, da sensibilidade, da experiencia propia e duns dotes colosais para a observación. Aqueles trazos ó natural da paisanaxe mindoniense, de se compilar hoxe, constituirían unha galería de tipos humanos excepcionais, de plácidas horas vilegas e de tradicionais oficios xa desaparecidos.

Puchades fornéceno das primeiras e imprescindibles nocións técnicas. Admira o escultor valenciano o pulo creativo do seu educando e comeza a moldear nel, como nunha pasta dúctil e gorentosa de ser traballada, o cabal artista no que se converte a idade ben temperá. En 1968, o ano no que o mozo remata os seus estudos de bacharelato, obtén en Málaga o primeiro premio nacional xuvenil nun certame de escultura.

Porque o verme da escultura tamén furara na mazá das súas inquiredanzas, un verme que o infectou, sen dúbida, no trato con Juan Puchades, nas visitas ó seu estudio, onde o mestre lle permitirá compartir mesmo a ferramenta de traballo. A escultura vai ser outra das angueiras creativas á que atenderá en diversos momentos da súa vida. Con posterioridade á obra premiada en 1968, outro traballo seu, *San Froilán*, resultará galardoado co segundo premio, compartido co escultor Bucións, no ano 1976, no Concurso Exposición de Pintura e Escultura Lucense, certame no que nesta modalidade acadou o premio primeiro unha obra do seu mestre Juan Puchades.

O busto en bronce de Roberto Vidal Bolaño (2014), emprazado na carballeira de Santa Minia en Brión, é das súas recentes realizacións, así como a figura en pedra de Balbino (2016), á entrada da Biblioteca municipal Neira Vilas, en Vigo, se ben esta última, esbozada por Vizoso, foi labrada por man allea na Escola de Canteiros da Deputación de Pontevedra, en Poio.

O remate do bacharelato, o ano 1968, supón un punto de inflexión na vida e carreira de Xosé Vizoso, un ano axial. Consciente da súa valía artística, proído polos xa tanxibles primeiros logros, o seu desexo era estudar Belas Artes. “Estudar e debuxar, si”, dicíase. Pero Madrid quedaba lonxe, moi lonxe, e os recursos familiares eran ben escasos. Talvez cunha bolsa?

Foi entón cando no xornal lugués *El Progreso* apareceu unha nota solicitando persoal para a planta de Sargadelos, proxecto daquela en xestación. Ofrecíase unha praza de debuxante co fin de formalo como mestre de decoración. E Juan Puchades leu o xornal aquel día...

Pode que non especialmente ilusionado, Xosé Vizoso presentouse ó exame preceptivo. Ás dúas semanas recibe carta de Cerámicas do Castro comunicándolle que o consideran a persoa idónea para ocupar o posto ofertado e rogándolle que se trasladara ó Castro de Samoedo, en Osedo, Sada, sede da planta cerámica, para realizar uns cursos de adaptación ás súas disciplinas. Cadrou conforme Vizoso coas condicións, logo de garantirlle que non habería problema ningún para que previamente puidese examinarse da reválida. E así, en agosto de 1968, deixa Mondoñedo, onde el se formara como persoa, “se é certo que os amigos, os mortos e as cidades axudan a facer os homes”.

No curso preparatorio para o persoal que había de poñer a andar o novo Sargadelos, daquela aínda en obras, enchoupouse das ideas estéticas de Luís Seoane, sempre baixo a dirección, supervisión e maxisterio de Isaac Díaz Pardo —o seu gran referente amical, ademais de definitivo mentor—, quen axiña o puxo en contacto coa abstracción xeométrica do mugardés Bello Piñeiro. Malia a frustración de non ter logrado cursar Belas Artes, mantén Vizoso que, coa perspectiva que dá o paso dos anos, á sombra de Isaac aprendeu máis do que podería ter adquirido nunha escola específica de ensino regrado. “Tiven a sorte e o privilexio de estar sempre ó lado de Díaz Pardo. Foi outro dos grandes mestres que tiven. Un mestre á usanza do Renacemento”. Tras o maxisterio de Puchades, con Isaac gradúase *cum laude* en coñecementos técnicos.

Porén os comezos foron animicamente difíciles. Logo dos meses de estancia en Sada, marcando pratos á man e facendo algunha pintura de sobrecuberta, incorpórase á fábrica de Sargadelos e establece a súa residencia en Cervo, que prolongará ata finais da década dos 80. O artista, se cadra, non vía en principio colmadas as súas expectativas coa dedicación ó deseño industrial e reconece que pasou tres ou catro anos algo amargado.

Mais, paradoxalmente, a súa forza creativa, a súa inmensa capacidade de traballo, o estudo constante e o exhaustivo labor de documentación, o entusiasmo, ó cabo, que nel pouco a pouco suscitou o traballo, tirárono da inicial frustración e, cando se decatou, tiñase convertido nun dos indiscutibles creadores dunha iconografía que, como a de Sargadelos, singulariza e identifica con propiedade a este país. Inicialmente ó fértil abeiro de Isaac Díaz Pardo, Xosé Vizoso vaise independizando pouco a pouco da súa tutela, sabéndose dono xa dun imaxinario artístico propio, ata que chega o momento no que, como reconeceu Díaz Pardo, se erixe no veo sobre o que xira o deseño sargadeliano. Ademais de vaixelas como a célebre “Toxo color” e pezas emblemáticas como o galo ou a pomba, son da autoría exclusiva de Vizoso alfaias como As San Lucas ou, máis recentes, as figuras de Quixote e Sancho coas que se conmemorou o cuarto centenario da publicación do libro. Para Sargadelos Vizoso deseñou millenta vaixelas, figuras, pratos, medallas conmemorativos...

Parello ó seu labor como deseñador de cerámica, Xosé Vizoso desenvolve xa dende Sargadelos, xa dende o Instituto Galego da Información, no compostelán San Marcos — onde se trasladou no ano 1988 e no que residiu tres anos, antes de fixar definitivamente a súa residencia en Brión—, unha frenética actividade na ilustración de libros, mormente para Ediciós do Castro, empresa do propio Grupo Sargadelos. Responsable da ilustración de libros, cubertas e carteis da editora, estima o autor que a súa obra neste ámbito sobarda as 300 cubertas e ilustracións.

A primeira achega a este eido do deseño fixéraa Vizoso ben novo, contra 1968, para un libro de xeografía dun compañeiro de bacharelato. A este seguíuno, en 1978, *Terra húmeda*, de Dino Pacio Lindín, un pequeno volume de 56 páxinas nos que asina a cuberta e catro ilustracións interiores, inequívocas dun estilo propio xa consolidado. Se con anterioridade, en Sargadelos, Vizoso tivera ocasión de ampliar a súa formación en contacto cunha mancha de artistas que ata alí se desprazaban, especialmente con motivo das xornadas formativas que se organizaban todos os veráns, no IGI coincidirá con persoeiros da diáspora e do exilio, servindo de elo ou enlace territorial mais tamén xeracional. Arturo Cuadrado, Anisia Miranda, Neira Vilas, etc., convidados por Díaz Pardo, que alí tiña fixada a súa residencia, pasaban longas tempadas no IGI, o que lle permitiu a Vizoso acceder e, sobre todo, trabar íntima

amizade con algún deles. É, nomeadamente, o caso de Neira Vilas, co que ten compartido longas xeirias en San Marcos. Neira Vilas é o autor para quen Vizoso máis se prodigou en ilustracións: *De cando Suso foi carteiro*, *O cabaliño de buxo*, *Chegan forasteiros*, *Aquel neno*, *Cantos de sol a sol...* Pero o seu lapis iluminou tamén textos de Xosé Fernández Ferreiro, Daniel Cortezón, Marica Campo, Rei Núñez, Agrelo Hermo, Úrsula Heinze, Alejo Carpentier, Eduardo Alonso, Lois Tobío... En total, estima o debuxante que debeu ilustrar uns 60 libros. E non esquece o artista agasallar os traballos dos seus paisanos: libros de Ángel García Sanz, Armando Requeixo ou Enrique Cal Pardo, así como a revista mindoniense *Monfadal*, víronse enriquecidos con cubertas ou ilustracións do seu pulso.

Como cartelista sobrancea Vizoso cunha produción que excede os 130 carteis. É, seguramente, a manifestación creativa na que máis salienta, na que adquire unha mestría recoñecida unanimemente. Trátase dunha obra que transcende o discurso que referencia —sexa unha feira de artesanía, un certame literario, un congreso internacional, a celebración do Entroido—, na que o significante prevalece sobre o significado. Ó igual que nas ilustracións, na obra cartelística é onde con máis evidencia se recoñece a súa paternidade. Nas ilustracións e carteis, a sinatura de Vizoso é ociosa, unha redundancia.

As San Lucas de Mondoñedo, a Queimada de Cervo ou a romaría de Santa Minia en Brión —pois en todos os lugares da súa residencia Xosé Vizoso se integrou e participou activamente na súa vida cultural—, son mostras recorrentes do seu compromiso cos seus paisanos e, todos xuntos, álbum no que se acredita a súa excepcionalidade artística como debuxante.

Aínda a outros ámbitos, tal á escenografía, ten achegado Vizoso a alegría do seu lapis. Sirvan como mostra cativa a colaboración con Ricard Salvat, en 1994, na montaxe no Teatro Nacional de Budapest dunha obra de Imre Madách, ou as posteriores *Furga Garabela!* e *Espantallo amigo*, de Rivadulla Corcón e Neira Vilas, respectivamente.

Xeneroso compartindo o seu tempo cos nenos dos centros de ensino que o demandan —el como un neno máis xogando a debuxar!—; xeneroso exercendo o seu maxisterio con calquera que llo requirira, en informal conversa ou en palestras profesionais; xeneroso regalando a súa obra, sen prestacións a cambio, para todo proxecto cultural que o precise, en 2013 a Fundación Eduardo Pondal, de Ponteceso, concedeulle a Xosé Vizoso Fernández un dos seus premios “Bos e xenerosos”. Premio cabal, xaora, mais, como a sinatura nas súas creacións, se cadra non deixa de ser outra redundancia.

Xe Freyre





Os avós paternos José e Dolores, seu pai eo padriño







Xosé Vizoso con compañeiros do Seminario de Sargadelos e o ceramista Xavier Toubes, no ano 1979







PRIMEIROS PASOS

Juan Puchades

Pedagoxicamente falando sempre pensei e sigo pensando que un dos obxectivos básicos e fundamentais dun sistema educativo coherente debería ser o de valorar obxectivamente as capacidades específicas de cada alumno e poñer todos os recursos posibles ao seu servizo para que as poida desenvolver na súa plenitude, moi en especial aquelas nas que, por natureza, destaca de forma sobranceira. Este é o caso de José Vizoso Fernández, un neno que, ao pouco tempo de asentarme en Mondoñedo no ano 1960, souben del e da súa innata inclinación artística, por mediación de Patricio Vijande, un home dunha calidade humana sobranceira e de profesión ferreiteiro, quen se sorprendía dos debuxos que realizaba aquel neno en calquera soporte que atopaba. Despois de observar a súa destreza excepcional, aquela forma especial de transmitir, hoxe dou por certo o que Vizoso adoita dicir de si mesmo: *“Eu nacín co lápiz na man”*. Quen nos dera poder recuperar aqueles debuxos nas paredes desconchadas da escola da Alcántara, onde aínda conservaba da guerra o rótulo de Segunda Compañía, ou aqueles outros que completaban as figuras esbozadas polas vetas da madeira nas táboas do faiado, do sollado ou dos tabiques que aos cuartos separaban! Poida que de aí arranque a súa fantasía pois el mesmo reconece .”Desde pequeno me dejé encantar por los tipos mágicos y algo tronados que dá mi tierra a los que me gustaba retratar en dibujos; como, salvando las distancias, Cunqueiro hizo con su literatura”¹.

Para ninguén será novidade se definimos a adolescencia como a etapa das controversias, das loitas e batallas por transformar o mundo. As forzas internas dos soños e inquedanzas turrán a miúdo coas estruturas férreas, ancoradas nunha sociedade temerosa dos cambios e ideas impetuosas que con paixón sementan os protagonistas das novas xeracións.

Navegando nese mar da confusión e da intranquilidade no que se debe definir o *ser ou non ser* atopei no Instituto San Rosendo o meu alumno José. Era bulideiro e sabía conquistar os compañeiros, algo que poñía en alerta a parte do claustro de profesores, especialmente aos daquelas materias que non o motivaban como as Matemáticas, na cal habitualmente o pillaban ausente, debuxando, refuxiado no seu mundo. En certo modo era un espello retrospectivo da miña adolescencia, alá en Valencia, e facíame recordar a decisión de meu pai, quen buscando o mellor futuro para min, se empeñaba en que estudase Comercio cando eu só quería debuxar ou, ás agachadas, darlles formas á madeira cunha navalla, por iso máis dunha vez discutín nos claustros para facerlles ver que o camiño de suspendelo sistematicamente só conduciría a estragarlle para sempre a vida de Vizoso. Desa identificación con el vai nacente entre nós unha progresiva relación de mutuo afecto, admiración e respecto, o cal non implica que estivera exenta de tensións.

Nos tempos de bacharelato deu mostras de poder dominar creacións e técnicas variadas, o mesmo lle daba. No 1964, con catorce anos xa realizara un sentido e brillante retrato da súa nai, a ilustración dun libro no 1966, no 1968 conseguía o Premio Nacional de Escultura, aprendía do cazoleiro Tito Freire, rotulaba camións no taller dos Lichos, en San Lázaro, o cal lle proporcionaba certo alivio económico, o mesmo que cando podía conseguir algún traballo eventual como foi a restauración realizada entre 1966 e 1968 na catedral, segundo quedou rexistrado nunha fotografía de José Pernas...

Superado o instituto e coñecedor das posibilidades económicas que o rodeaban abriuse a posibilidade de conseguirlle unha bolsa para completar a formación artística en Madrid pero a súa xuventude e o medo a que non imperase a tenacidade e constancia necesarias fixeron desistir. Pero quen o ía dicir! Podemos deducir dunha carta que Luís Seoane lle remite a Francisco Fernández del Riego o 20 febreiro do 1968 que, en Montevideo, se estaba forxando para Vizoso o seu destino e o seu porvir pois nela pódese ler: *“..recogí una buena cantidad de formas típicamente gallegas junto a Díaz Pardo para tratar de desarrollar en el Laboratorio de Formas que fundamos con*

1 CLIJ: Cuadernos de literatura infantil y juvenil, ISSN 0214-4123, Año nº 3, Nº 19, 1990, págs. 41-43

Sargadelos, cuya fábrica comenzó a edificarse, según mis últimas noticias, y deseo continuar con esto el próximo invierno de ahí. Desearía hacer algo por el renacimiento de la artesanía popular gallega, carpintería, tejidos, platería, azabache, etc., algo que fuese de nuestra época y tuviese raíces en el pasado artesano de Galicia”.

É de supoñer que esa fose a razón da necesidade de ampliación de persoal que a Cerámica de Sargadelos solicitaba publicamente mediante un anuncio para cubrir praza de debuxante.

Coa certeza de que Isaac Díaz Pardo ía saber apreciar os valores creativos e humanos de José Vizoso non dubidei en presentarllo, e desa forma, despois de aprobar o exame, en agosto dese ano comezou con pintura de sobrecuberta para chegar a ser a columna vertebral da creatividade e deseño da incomparable Cerámica de Sargadelos.

Permítanme rematar este humilde traballo literario afirmando que todos cantos tivemos a sorte de cruzarnos na vida de José Vizoso, apoiando o seu esforzo e admirando o seu talento, celebramos hoxe os moitos éxitos e méritos profesionalmente por el acadados mais tamén nos sentimos orgullosos da humildade e xenerosidade, valores humanos, hoxe en día escasos, que aínda conserva naquel corazón do neno que polo camiño das artes dera comigo os primeiros pasos.

Juan Puchades Quilis





ILUSTRACIONES

Armando Requeixo

Xosé Vizoso, ilustrador

Cando un repasa a traxectoria de Xosé Vizoso non tarda en ficar abraiado e resulta abondo complicado decidir se é máis admirable pola súa versatilidade e talento creador ou pola súa inesgotable e prolífica dedicación. Tal parece que este mindoniense tivese por destino conculcar a sabia lei popular para nos demostrar que moito e ben, si hai quen: escultor, ceramista, deseñador, muralista, ilustrador, retratista, escenógrafo ou cartelista, todo e máis é este artista integral, un espírito davinciano que honra a cultura galega do noso tempo como unha das súas máis senlleiras figuras.

Trazar un perfil, sequera panorámico, do conxunto da inxente produción do autor é un empeño van en apenas unhas páxinas, así que me conformarei con sobrevoar unha das facetas creativas ás que con máis constancia e fortuna se ten dedicado, pois leva xerando arte como ilustrador dende que era un bacharel, cando fixo os primeiros deseños para acompañar un modesto libro de Xeografía dun compañeiro do Instituto Laboral da súa cidade natal.

Vizoso é un dos grandes ilustradores da bibliografía galega moderna. E isto nun dobre sentido: tanto como deseñador e ideador de innúmeras capas (e contracubertas e aínda maquetas enteiras) das máis diversas obras coma tamén como responsable das ilustracións interiores de infinidade de títulos. E, neste sentido, a importancia das súas creacións adquire un dobre relevo: dunha banda, moitos dos seus traballos de ilustración constitúen un relato artístico de primeiro nivel, tecendo un feraz diálogo coas obras textuais que acompañan. Doutra parte, as súas magníficas tapas (tamén contracubertas e deseño de maquetas) resultan un soleira determinante na consideración e proxección dos volumes que visten.

Convén reflexionar sobre isto último para entender cabalmente a importancia, decisiva, da angueira creadora de Vizoso: un libro é unha obra de arte, mais tamén un produto e un vehículo de comunicación. Como obra de arte responde á intención estética dos signos verboicónicos que a compoñen; isto é, o texto propiamente literario e o texto visual ou ilustración. Agora ben, como produto que se ofrece a un potencial comprador/lector ten que participar do que poderíamos denominar a 'retórica do visual' e, polo mesmo, espremer os recursos propios da semántica do enfeite. Así pois, a capacidade de persuasión que ofrezca unha boa ilustración de (contra)cuberta será directamente proporcional ao éxito comunicativo do libro como artefacto: se a sedución da imaxe de frontispicio e as bondades da maqueta funcionan, o lector ingresará na lectura da obra, é dicir, debruzarase na lectura e pechará así o círculo comunicativo. Pola contra, se o desagrado dunha (contra)cuberta e/ou maqueta é manifesto, resulta moi probable que ese volume fique orfo nos andeis da librería ou biblioteca e, polo mesmo, non chegue nunca a se producir ese milagre da comunicación artística ao que o lector/consumidor pon o cabo. Velaí o poder dos grandes deseñadores, eis a forza descomunal da arte de Vizoso: engadarnos dende a imaxe da tapa ata non sermos quen de renunciar a seguir pasando páxinas.

Pois ben, o que levo escrito respecto desa vertente do deseñador vale tamén para o ilustrador, xa que Vizoso moi habitualmente non só arroupa coa súa arte as cubertas, senón que tamén achega debuxos, retratos, bosquexos e grafismos ás obras. Mesmo ten creado unha inconfundible tipografía propia, que se fai recoñecible tanto nas tapas coma nos interiores e que adoita acompañar ese seu traballo pictórico na tripa dos libros, nas súas lapelas, faixas promocionais e aínda catálogos; ou sexa, naqueles paratextos que, como enunciados comunicantes, supoñen a envoltura que aproxima/presenta o discurso propiamente literario aos lectores/consumidores.

Definir a estética do Vizoso ilustrador é unha ousadía para alguén que, coma min, procede da crítica literaria e non da crítica de arte. Secasí, atévome a dicir que o misterio dese personalísimo selo que imprime ás súas ilustracións bibliográficas responde a unha sorte de *redensificación do espazo*, unha harmonización reestablecedora que é á vez imaxe especular da súa percepción proteica do real e, tamén si, unha fuxida do *horror vacui*. Vizoso apprehende o existente por agregación, desmarcándose do menos é máis para instaurar o imperio do adherente e complementario, do adicional e incremental, da variación e a multiplicación. Por iso non é frecuente ver nas súas ilustracións individuos ou seres ou realidades en solitario, senón que as imaxes enraman unhas a carón, xunta, por riba, decontra as outras, espellando grupos, moreas, multitudes ou cúmulo. Agora ben, lonxe do que puidese pen

sarse, estes moi poboados conxuntos non son no autor reflexo dunha entropía imparabile e si dun cosmos de orde superior, pois nas ilustracións de Vizoso todo encaixa como nun mecano infinito no que cada peza ten o seu lugar e función, son, por tanto, un sistema orgánico de implicacións icónicas que operan como un todo autoconsistente.

Nesta poética do visual leva laborando medio século. Xa se dixo que os seus inicios hai que retrotraelos ao recuado tempo da primeira mocidade, mais se houbese que sinalar unha data para o comezo da súa andaina profesional neste eido eu inclinaríame polo ano 1979, cando, a piques de cumprir os trinta anos, ilustrou o seu segundo libro: o poemario *Terra húmeda* do filólogo Dino Pacio Lindín —que fora un tempo profesor do Seminario de Mondoñedo—, un volume de pouco máis de cincuenta páxinas que tirou do prelo a desaparecida Librería-Imprenta Celta de Lugo. Premonitoriamente, naquela cuberta figuraba xa o tríade de elementos caracterizadores da súa estética: densificación máxima do espazo, aposta por unha imagoloxía enxebre e intensión colorista extrema.

Porén, foi no seo do Grupo Sargadelos onde Vizoso comezou a desenvolver a súa obra maior como ilustrador. Chegou á empresa en 1968, tras formarse no Instituto Laboral de Mondoñedo co escultor Juan Puchades. O maxisterio deste artista valenciano recibiu natural relevo na persoa de Isaac Díaz Pardo, quen traballou ao pé daquel mozo ata ver como ía medrando e complexizando a súa arte para chegar a ser, el tamén, o mestre no que acabou por se converter, o que o levou a dirixir o equipo de deseñadores da empresa dende 1988 ata a súa xubilación.

En Sargadelos Vizoso foino todo xunto ao inesquecible Díaz Pardo, formando un tándem artístico irrepitible. E non só no traballo cerámico, senón tamén no bibliográfico —que é o que aquí interesa—, pois se ao intelectual comstelán lle correspondía a decisión dos volumes que se publicaban e a xestión xeral da editora era o mindoniense quen, dos oitenta en diante, había de se facer cargo da diagramación xeral e, moitas veces, tamén do deseño de cubertas e mesmo da ilustración de interiores de moitos dos libros que Ediciós do Castro deu á luz.

O primeiro libro que Vizoso ilustrou para a editora foi *A saga dun afiador*, do Xosé Fernández Ferreiro, que saíu do prelo en 1980. Tras deste viñeron moitos outros, ducias deles, tanto en Ediciós do Castro coma, co tempo, noutros selos.

Sería tarefa prolixa de máis tentar anotar todos e cada un dos volumes aos que o de Mondoñedo deu alento de vida maquetándoos e/ou deseñando a súa cuberta e ilustracións. Limitareime, pois, a subliñar algúns que estimo de grande interese. Entre eles, xaora, os non poucos do seu amigo Neira Vilas para os que creou deseños. O primeiro foi *De cando o Suso foi carteiro*, por volta de 1988, pero logo tamén apareceron ilustrados por el *Chegan forasteiros* (1992), *Aquel neno* (2013), os libro-discos *Cantos de lembranza*, *Cantos que veñen de lonxe* e *Cantos de sol a sol* (todos tres do 2014) ou a tradución que o de Gres fixera do libro *O Camiño de Santiago* (1993) de Alejo Carpentier.

Alén destas ilustracións neiravilasianas, Vizoso prodigouse como deseñador especialmente noutros dous ámbitos: a literatura infantoxuvenil e a escrita socialmente máis comprometida. No primeiro dos eidos levaron imaxes súas, entre outros, volumes de Anisia Miranda (*A casa dos títeres*, 1993); Dora Vázquez (*O troleiro e outros contos*, 1999), Manuel Lourenzo González (*A música da noite*, 2001), Eduardo Alonso (*O país acuático*, 2001), Xosé María Álvarez Cáccamo (*Lúa de pan*, 2002), Helena Villar Janeiro (*Na praia dos lagartos*, 2004), Marica Campo (*Abracadabras*, 2006), Concha Blanco (*Cantos da rula*, 2008) ou Asun Estévez (*Medrar nas mans*, 2013). Libros colectivos nos que os seus pinceis acompañaron os doutros pintores para apoiar as máis nobres causas serían a *Homenaxe a Borobó* (2003) coordinada por Xoán Guitián, as memorias de Carlos Montenegro *Aviones sobre el pueblo: relato de la guerra en España* (2004), o volume coral *Arte e compromiso social da cultura galega* (2005) ou os tamén grupais *Volverlles a palabra: homenaxe aos represaliados do franquismo* (2006) e *Xornadas sobre represión, solidariedade e resistencia antifranquista* (2006).

Por descontado, amais da ilustración de volumes infantoxuvenís e comprometidos na denuncia e lembranza dos represaliados, Vizoso tamén contribuíu cos seus deseños en obras narrativas e poéticas doutro xorne. É o caso dos poemarios *Todo morte* (2006) de Manuel Pereira Valcárcel, *Nadir* (2005) de Ursula Heinze, *Apócrifo de Fiz*

matinado en soños (2006) de Andrés Pociña ou *Nas rúas de Compostela* (2016) de Rosalía Morlán, por exemplo. Tamén, evidentemente, das recuperacións ou reedicións de textos de autores clásicos, como os versos de *Curros Enríquez para nenos* (1988), *A nova vida* (2006) de Lois Tobío, os poemas de *Más allá del tiempo* (2007) de María Mariño, a novela *Un médico na aldea* (2012) de Manuel Reimóndez Portela ou os *Versos florecidos en louvanza de Foz* (2016) de Manuel María.

Todo este labor de ilustración ten tido acaída complementación nos espazos do literario teatral, onde Vizoso preparou o cartel, a escenografía e máscaras de ¡Furga *Garabela!*, a peza de X. Henrique Rivadulla Corcón que Volta e Dálle Teatro levou a escena no 2000 e logo a Editorial Sotelo Blanco recolleu en libro no 2002, publicación que ilustrou o mindoniense. E tamén ten de ser considerado unha implementación deste traballo como ilustrador a confección do *Tarot* ideado por Aneiros e prologado por Díaz Pardo para o que Vizoso creou as imaxes das cincuenta e dúas cartas da baralla que se estoxou, a canda o correspondente volume explicativo, en 1992.

Non quero rematar estas liñas sen significar, brevemente, catro iniciativas bibliográficas nas que os camiños de Vizoso se cruzaron cos meus e serviron para afondar na nosa complicidade conterránea e amigable. A primeira destas coincidencias produciuse hai dúas décadas, cando un feixe de vallibrienses decidimos alumar a publicación dunha revista á que chamamos *Monfadal* e da que saíron dous números, un no ano 1998 e outro no 2000. Pois ben, as cubertas de ambas as dúas entregas e tamén algunhas das ilustracións interiores correron a cargo do sempre xeneroso amigo.


O segundo destes episodios lévanos ata o ano 2003, cando varios mindonienses congregamos a nosa escrita arredor da persoa de Alicia Tella-Villamarín Ferreiro, a responsable da Biblioteca Municipal da nosa cidade que, entón, principiaba o seu xubileu. Para honrala como merecía preparouse un volume de homenaxe baixo o título *Palabra de amigo*. Non faltou á cita Vizoso, quen colaborou como ilustrador para agasallar a extraordinaria bibliotecaria e compañeira do seu vello mestre Puchades.


A terza destas nosas cruzadas tivo lugar polas San Lucas do 2014, cando dei remate para imprenta ao meu libro *Mondoñedo literario*, que leva unha cuberta deseñada integramente por Vizoso, tanto no que di da ilustración coma na tipografía empregada. No “Limiar” ao volume deixei escrito: “Por remate, capítulo especial meréceme a xenerosidade de Xosé Vizoso, fillo de Mondoñedo igualmente, quen me regalou a fermosa cuberta de soarego”.



A última ocasión na que ata o de agora participamos por xunto na confección dun volume foi no outono do 2015, cando me responsabilicei da edición do *Epistolario Ramón Piñeiro—Xosé Neira Vilas*. O libro, no que se recolle toda a correspondencia habida entre os dous escritores, leva textos de presentación da profesora Dolores Vilavedra (especialista na obra neiravilasiana), do propio Neira Vilas (que rematou o seu limiar días antes do pasamento, mais que chegou a ver as probas de imprenta do mesmo, aínda que non este impreso) e tamén un estudo introdutorio que redactei para o caso. O ramo púxollo, como non podía ser doutra maneira, o moi querido Vizoso, quen preparou a ilustración de cuberta e se preocupou, con todo meco, do tamaño, disposición e tinturas coas que debía combinarse, debo de dicir que con gran ledicia do común amigo Neira Vilas, quen estaba entusiasmado de que fose, precisamente el, o encargado de ilustralo. Evidentemente, tamén para min o gozo foi maiúsculo e o resultado unha regalía que, como as restantes aludidas, nunca acabarei de agradecer o suficiente ao seu autor.


En trazos grosos ou finos, con imaxes xeometrizadas ou ben dondas, en escalas de grises, monocromos ou explosións de cor, a partir de rotulacións ou en bosquejos grafiteados, en viñetados mínimos ou álbums de dobres planas, con calquera técnica, material ou enfoque o ilustrador Xosé Vizoso demostrou, unha e outra vez, por que o seu nome está xa gravado en letras douradas no olimpo dos grandes artistas da Historia de Galicia. Benia á luz que deitan as súas imaxes e os soños que iluminan para nós. Que estas letras que deixo escrito agora que tan xustamente o honran designándoo Fillo Predilecto de Mondoñedo lle sirvan como testemuño da miña grande admiración e fonda amizade.





Armando Requeixo











Xosé Neira Vilas

Aquel neno



1000000000

Alborexo

VEU O MUNDO CANDO GOVERNABA -É UN
dicio- o rei Alfonso XIII. Chegou logo a República,
que el non viu chegar porque tiña só deus anos. Na
aldeia, todo seguía máis ou menos igual: comendo
caldo, facendo na terra, remendando roupa, batendo
as dentes co frío e dándolle cotolelo a un quito,
máis ou menos cebado, cando apareceron as escolas
do San Martiño. Fíxerlle chegando as cores do
mundo e as voces do mundo.



10

Guerra

NAQUEL FEBREIRO DO 36 HABÍA QUE ESCO-
ler ás que en diante mandarían. El non entendía,
na súa casa non entendían, na aldeia ningún en-
tendía. Escollían nomes de peixes aldeas, de laranxas,
e resultaba nos camiños a ruína do feito máis
papalinas do cores chous de letras. E pouco despois
vía falar dunha guerra, dan xogo en que moitos
homos se mataban entre eles. E algúns mozos ve-
cíños foron levados tamén para matar os que os
matasen. E a serte tita nada, un medio zero.



11

Paxariño

SOÑABA. QUIXERA SER GOBIÑÓN, ABUBELA,
estornino, curruco... Quixera voar. Ir lonxe. Ver
desde alá arriba o mundo que rebola debaixo, a be-
nitude das hórns verdoas, dos montes florecidos,
e ir e vir das nubes e dos animais que non voan.
Quixera ter de o rachar e verla libremente.



12

DESEÑOS CERÁMICOS

Caxigueiro

Vizoso, deseñador de ilusións

Xosé Vizoso é unha das figuras máis salientables do deseño cerámico do s. XX, tanto na Galiza como no estado español. Durante a miña estancia no Seminario de Estudos Cerámicos e na fábrica de Sargadelos (1977-79), o que me resultou máis sorprendente foi o tratamento tan profesional que se lle dispensaba ao deseño: o tempo que se lle dedicaba, a documentación que se manexaba antes da creación de cada peza.

O primeiro recordo que gardo de Xosé durante a miña permanencia en Cervo é un traballo que tiña que ver co Festival de Teatro de Sitges. Velo crear aquela fermosa e complexa obra deixoume abraiado. Naquel intre, Vizoso, que xa tiña garantida a miña amizade, gañou para sempre o meu respecto como deseñador.

Non cabe dúbida de que persoas da valía de Isaac Díaz Pardo ou Luís Seoane e os ventos de modernidade e de autoestima do novo galeguismo que se respiraba no complexo foron unha terra propicia para que o talento de Vizoso xermolase, dando como resultado un labor extraordinario.

Cando se fai referencia ao “deseño cerámico” estamos a referirnos a un proceso de configuración mental, da busca de solucións partindo do coñecemento da arxila, das súas calidades e limitacións. Os deseños de Vizoso (e de todo o equipo de Sargadelos) fixeron desa práctica un dos seus centros de atención, o que acabou por darlles un estilo moi particular. Simplificación, emprego da liña curva para facilitar solucións técnicas, recursos pictóricos co fin de substituír detalles volumétricos, mestura de técnicas artesanais e industriais, etc. Detrás destas características está o pouso de moita investigación, análise, modelados impecables e unha vontade de recuperar e revitalizar a cultura galega. Esa mestura de empeños e achados forma hoxe parte do noso patrimonio visual.

O feito de que Vizoso estivese presente desde a xénese no proxecto de Sargadelos, deulle a posibilidade de evolucionar e, á vez, participar das innovacións técnicas que ían integrándose no proceso produtivo. Este xeito de traballar, de resolver distinto tipo de problemas -en ocasións, mesmo problemas alleos aos estritamente creativos- fixo que a súa contribución deixase un selo inconfundible.

Xosé, un artista multidisciplinar, soubo utilizar e adaptar toda a súa potencialidade e recursos e levalos con éxito ao terreo do deseño. Primeiro, sacándolle o máximo partido ao debuxo. “Un ten que facer sempre moitos bocexos. Se fas corenta en lugar de vinte, e cen en lugar de corenta, mellor vai ser o resultado”¹. O método de traballo do mindoniense é clásico. Non fai falla lembrar que nos comezos de Sargadelos a tecnoloxía dispoñible era a xusta e os programas informáticos, inexistentes. Nestas circunstancias, a grande facilidade de Vizoso para debuxar, sintetizar e describir as formas buscadas a base de trazos, foi unha axuda inestimable para que o proceso de desenvolvemento de cada prototipo acadase éxito. Da man de Vizoso, o debuxo foi o celme dos estudos previos que todo modelo debe cumprir ante as esixencias do proceso cerámico.

Despois desta primeira aproximación, as súas aptitudes escultóricas conseguían reproducir en tres dimensións a obra esbozada. Neste caso, falar de deseño ou de escultura é indiferente, o deseñador é un escultor que adapta as formas para beneficiar un procedemento determinado. Cando se ten a posibilidade de ver algunhas das pezas de Vizoso desprovistas da cor, espidas, é cando se poden apreciar verdadeiramente as súas calidades escultóricas. A súa fonda presenza parece pedir outras dimensións. Non é difícil imaxinar os seus galos nalgún espazo verde, ou o Mobilgrino nalgunha rúa de Compostela. As circunstancias nas que lle tocou desenvolverse obrigárono a ampliar os límites daquela vocación xuvenil de pintor e hoxe, despois dunha longa traxectoria, podemos gozar da sabedoría dun artista plástico que deixou a súa pegada máis particular nunha entrañable experiencia colectiva.

Dicir que o debuxo e o modelado de Vizoso foron fundamentais para darlle sentido a esa iconografía asociada aos deseños de Sargadelos é obvio, pero o aspecto decorativo tamén forma parte da esencia. Nos primeiros tempos,

1 Revista *Altamira*. “Xosé Vizoso, deseñador, ilustrador de contos, soños e verdades”

o xeito de decorar en Sargadelos -sinxeleza, distribución dos espazos pictóricos en cada modelo-, tiña moito que ver coas solucións que aplicaba Picasso -non deixa de ser unha apreciación persoal-. Non obstante, a maior complexidade dalgúns deseños de Xosé (galos, mouchos, etc) e a limitación da paleta -pola preponderancia do azul cobalto- colaboraron de xeito determinante a que Sargadelos acadase o orixinal resultado que hoxe todos coñecemos.

A historia de Sargadelos está intimamente unida a Vizoso. En 1968, con só dezoito anos, ten o primeiro contacto coa empresa. Estaría ben lembrar que a inauguración formal da fábrica é do 1970, o que significa que ese pequeno equipo inicial que lideraba Díaz Pardo contaba xa coa colaboración de Xosé.

E a súa man vai estar presente en todo tipo de producións: figuras, vaixelas, xogos de café e medallas conmemorativas. O seu sistema de traballo iníciase case sempre na biblioteca: a documentación, segundo as súas palabras, é esencial. Tanto atopa inspiración nas formas dun mosaico romano canto nunha ferraxe ou nos canzorros dalgunha igrexa románica. Máis aló desas inocentes cores vivas que reflicte a porcelana, hai un proceso de investigación que nos leva sempre a algún recuncho da nosa cultura.

Do seu vasto traballo, merecente dun amplo e profundo estudo, deixarei unhas pequenas pinceladas das obras que persoalmente máis me chaman a atención. Faría fincapé nunhas pezas dos inicios que representan galos. Esta serie, formada por catro figuras, cos corpos e cabezas diferentes, imaxes aparentemente complicadas, están formadas por múltiples elementos que poden intercambiarse e servir igualmente para os catro modelos. Un recurso innovador que lle serviu como solución en series posteriores (por exemplo, nos cegos feitos en homenaxe a Castelao).

En canto ás vaixelas saídas da súa man, unha das máis celebradas é a que fai honra ao seu nome, *Viz-1*, está inspirada nunha desaparecida balconada de Burela. Outra que chama poderosamente a atención polo seu ornamento é a denominada *Toxo*. Pola súa rareza destacan outras como *Follela*, *Cuncha* ou *F-73*, todas pertencentes ao Castro.

Non cabe dúbida, de que aquela primeira andanza do proxecto, que pretendía -como sinala Ramón Villares- “dotar a Galiza dun repertorio estético de imaxes da súa historia e tamén do seu presente”² cumpríuse sobradamente no repertorio de Vizoso. Destacan nel tanto as figuras de Martín Codax, San Miguel de Reinante, Santa Cruz de Arrabaldo ou Rosalia de Castro como outras que representan personaxes modernos: o fotógrafo, o peixeiro ou o xogador. Pero tamén outras pezas sobranceiras polo atrevemento, nunha produción de carácter industrial e popular. Refírome, en concreto, ao pequeno arado que mantén deliberadamente á vista o nome das súas partes, facendo da tipografía un elemento decorativo máis.

Cando un coñece o artista, axiña percibe que o humor, a retranscrición e o afecto son esenciais na súa personalidade. Na obra que realiza tamén afloran. Por iso, o seu Mondoñedo está representado no San Lucas, unha obra envolvente formada por cabalos e que fai alusión ás feiras que anualmente se celebran na vila. A faceta máis divertida podemos vela nunha das series máis recentes: son peregrinos en actitudes cotiás. *O Cabalgrino*, *o Bicigrino* ou *o Tranquigrino* son algúns deles.


Isaac Díaz Pardo demostrou ser unha das luces da súa xeración. Este país non sería igual sen a súa existencia. Tampouco Vizoso sería o mesmo de non se teren encontrado. Formaban un equipo único ata o punto en que os egos chegan a diluírse. Poucos saben que algúns dos prototipos creados por Isaac acabaron sendo decorados pola man de Vizoso, como *Candelabro*, *Veloz*, *Divertida*, *Desconfiada* e *Chuchona*.

2 Ramón Villares. *Las luces de Sargadelos*. RTVE

A confianza depositada en Vizoso era recoñecida por Isaac nunha carta asinada en 1988 "...o peso deseñístico da sección de cerámica en Sargadelos gravita hoxe sobor de Xosé Vizoso. Este mindoniense ten moitas máis virtudes que as puramente artísticas. A súa admirable disciplina para concibir, proxectar e realizar formas non crearon nel ningún tipo de narcisismo, tan frecuente nestes casos, que axiña tropezan coas demais disciplinas que participan do deseño industrial..."

Pouco máis se pode dicir dun home que lles deu forma aos profetas e patriarcas da Porta Santa que lles puxo corpo aos trobeiros medievais, que foi quen de falar coas pombas... Un artista Bo e Xeneroso!

Caxigueiro



En Sargadelos, década 1970





Con L.Seoane no Castro



Con Isaac Díaz Pardo no I.G.I.



As San Lucas



Voluta



Profetas





Corregrino



Cabalgrino



Os Galos 1970





Cegos. Homenaxe a Castelao



Rosalía



Moucho señorito

CARTEIS

Antonio Reigosa

Os carteis crebacabezas de Xosé Vizoso

Moito antes ca quen isto asina, e con evidente máis capacidade e máis competente criterio, escribiron sobre os carteis de Xosé Vizoso, entre outros, Isaac Díaz Pardo, Xosé Neira Vilas e Alfredo Conde.

Isaac Díaz Pardo, ademais de loar, entre outras virtudes, a disciplina, a ausencia de narcisismo e a disposición permanente para colaborar na dinamización cultural, di que é un “home de raras virtudes” e “un magnífico cartelista”.

Xosé Neira Vilas cualificou os seus carteis como obras de arte, máis alá do anuncio, da noticia ou da información de urxencia dun evento social ou cultural. Para Neira trátase de pezas artísticas para contemplar de vagar, sen apuro, resaltando especialmente como causa-efecto que a concepción destes reclamos está vinculada indefectiblemente ao “proverbial sentido do humor” do propio autor.

Para Alfredo Conde, os carteis de Vizoso animan a que a vida continúe, pois están ocupados por xente que baila, que canta e reza, carteis nos que latexan os espíritos de Isaac e de Seoane, mesturados co arrecendo da carteleiría republicana, todo filtrado polo seu persoal sentido do ritmo e da perspectiva. Os carteis de Vizoso son a celebración da vida, di Conde, en resume.

Pódese dicir máis pero non mellor dunha obra que supera os 130 carteis creados por Vizoso. Mais algo debo dicir para xustificar a miña presenza neste libro homenaxe ao artista veciño e amigo.

Que hai, que pode haber, de Juan Puchades, o seu primeiro mestre nos tempos mozos de instituto, de Díaz Pardo ou de Seoane, de Picasso, de Castelao ou de J. Renau nos carteis de Xosé Vizoso? Pois o certo é que hai moito destes e doutros referentes, claro que si: esencias, influencias, maneiras, momentos, mesmo olores e ata sabores. Pero, máis alá de consideracións estéticas ou puramente técnicas, o que hai nos carteis de Xosé Vizoso, nutrido e alimentado artisticamente nesas e noutras moitas fontes, é unha auténtica e profunda análise poética da vida.

Xosé Vizoso, que xa é un artista de longo percorrido e de múltiples facianas, como ben se amosa nesta publicación, entende que os carteis, sen deixar de ser tamén un produto artístico, están ao servizo dunha mensaxe pois non son máis (nin menos) que unha das máis fermosas maneiras de comunicarnos!

Na exposición dos seus carteis que se ofreceu no refectorio do Museo Provincial de Lugo, en outubro de 2016, (continuación da itinerancia que comezara en Mondoñedo en 2014, e que xa pasara por Brión e Rianxo) amosábanos un repertorio temático impresionante, a pesar de que se trataba dunha escolla mínima, aínda que ben representativa da ampla produción cartelística de Xosé Vizoso ao longo de case 50 anos.

Vizoso, sempre altruísta e xeneroso, creou carteis para múltiples feiras e festas populares, profanas e relixiosas, xornadas, seminarios, mostras, romaxes, concursos, trofeos deportivos, feiras do viño ou do salmón, para certames e representacións teatrais, para feiras artesás, desde a da olaría de Buño ata a do ferro de Riotorto. Mais, sobre todas as demais, para as que máis carteis ideou foi para estas tres: a Romaría de Santa Minia de Brión, a Queimada Popular de Cervo e as Feiras e Festas das San Lucas de Mondoñedo; lugares os tres referenciais na súa biografía: onde traballou, onde reside e onde naceu.

E diciamos entón porque así nolo pareceu (xa o dixera Vizoso hai moito tempo) que en moitos destes carteis a composición, sempre esplendidamente colorida, adoita a estrutura dun crebacabezas no que houbese que ir descubriendo elementos, figuras, detalles simbólicos e icónicos, e mesmo brincadeiras, que as hai en abundancia, con dobre ou tripla intención.

A obra cartelística de Vizoso evolucionou, como é lóxico, con el e cos tempos, mesmo coas cambiantes técnicas, en constante evolución, de reprodución.

Os carteis de Vizoso vanse refinando sen perder as esencias. Son sempre elegantes, proporcionados de cor, aparentemente sinxelos, elaborados, pensados e executados de maneira que poidan ser inmediatamente dixeridos,


como se percibe o feixe luminoso dun flash, pola primeira atención do espectador.

Logo, e é case seguro que así ocorra, tras esa primeira “chamada” de atención do anuncio un pode quedar coa impresión de que algo mora, quizais un ollo espía, dentro do cartel e que nos observa.

Unha impresión que esixe prestar certa atención para adiviñar se é certo ou non que algo ou alguén se agacha no entenzado harmoniosamente construído, incluídas as tipografías, polo artista. Se descubrimos que quen está á espreita é unha desas figuras demoníacas ou perversas que Vizoso retrata con tanta mestría, vai resultar inevitable quedar coa sensación, ou cando menos coa dúbida, de que ese personaxe se burla ou se divirte á nosa conta.

Vendo os carteis de Vizoso, ao primeiro golpe de vista a maioría de nós sabemos de quen son. Máis non se lle pode pedir a unha obra de arte; que teña identidade de autor, esa marca persoal e intransferible tan difícil de lograr.

Antonio Reigosa









Co seu amigo Neira Vilas













ESCULTURA

Pedro Cabarcos

O alén

“Creo que o que máis me gusta é converter unha obra nun puzzle, deconstruíla e facer que a xente teña que mirala con atención para entendela e descubrir cousas novas cada vez que a ve”

Xosé Vizoso Fernández

Na brétema do Masma soan badaladas; Pardo de Cela cabalga na carroza de Sochantre; Juan Puchades cicela os perfís duns volumes, cartografados nas inmensas covas dun rei marítimo perdido no intricado interior. Os vidreiros danlle cor a un inmenso rosetón que traducen a luz tenue das vellas pedras da catedral. Todo isto, escenario dunha vida, tece os fíos emocionais que envolven a seres propios do maxín, máis que da realidade. Así entendemos o retrato de Xosé Vizoso Fernández, onde no seu busto se notan as horas de Sísifo. Citando a Albert Camus, nun ensaio sobre Píndaro no que dicía: “No te afanes, alma mía, por una vida inmortal, pero agota el ámbito de lo posible”.

Falar dun artista fai tremer o pulso, porque as verbas traducen sempre unha falsa testemuña, unha realidade cunha dimensión menor cara á obra artística. Así que todos os signos gráficos en forma de texto dirán menos que os silencios emocionais que provocan as propostas creativas baseadas no traballo continuado. Nun titánico labor que só o pulso e pensamento de quen arrisca é capaz de superar. Cada verba sobre o traballo artístico tense que impulsar sobre conxecturas, divagacións e líricas, para intentar rozar a verdade da obra. Como diría Charles Baudelaire na última estrofa de “Los Faros” citando a Rubens, Leonardo, Rembrandt, Goya, Miguel Angel, Watteau, Puget, Delacroix:

“Porque verdaderamente, Señor, el mejor testimonio que podemos dar de nuestra dignidad es este ardiente sollozo que rueda de edad en edad y viene a morir al borde de vuestra eternidad”

Así Xosé Vizoso Fernández encarna a testemuña dos artistas contemporáneos que na súa alquimia introducen no conduto as diversas manifestacións da arte, que, por camiños distintos, chega ás conclusións das propostas, sempre sentidas dende a voz que quere e ten algo que dicir. Ceramista, pintor, deseñador, ilustrador, bastarían para aplacar a inquietude da creación, pero como un humanista do renacemento, coas armas contemporáneas, Vizoso é tamén escultor, aínda que esta e as outras definicións non deixan de ser ataduras dunha liberdade de difícil concreción no seu labiríntico mundo creativo.

Invitáronme a falar da súa escultura, nesta máis que merecida homenaxe. Entendemos tal disciplina, neste caso, como aqueles elementos tridimensionais que acadan certa escala que incorporada ó espazo urbano adquire presenza e intromisión visual externa. Quero expresar con isto que tan escultura é o *San Froilán* coma *O Quixote*, concibida como figura cerámica, separadas polo sentido do tamaño e non pola definición estrutural da súa concepción.

Nas profundas augas do pensamento de W. Benjamin podemos atopar a solución intermedia, para rachar as limitacións dos estereotipos. No seu *Diario de París* di:

“Las grandes creaciones —di Adrienne [Monnier]— no pueden verse como obras de individuos. Son obras colectivas, y por ello también tan poderosas que, para disfrutarlas, siempre tenemos que empequeñecerlas. En el fondo los métodos de reproducción mecánica son una técnica de empequeñecimiento. Sin duda nos ayudan a adquirir ese grado de dominio de las obras sin el cual no es posible que disfrutemos de ellas».

Tres son as obras que van servir de desculpa para un fío que, non tendo que ser extenso, non pode deixar de ser profundo. As tres obras que nos serven para falar da escultura de Vizoso son: o xa mencionado *San Froilán* de

1976, Os cegos de Castelao (imaxes cedidas polo autor). E o busto de Roberto Vidal Bolaño de 2014 en colaboración con Roge Fernández.

Cando contemplei a obra inicial do *San Froilán* foi inevitable a asociación coa imaxe que visitei en 1975 na galería Theo de Madrid, tal foi a escultura do San Xoán, de Pablo Gargallo, realizada en 1933 pertencente hoxe ó museo Reina Sofía.

As referencias son asociacións positivas que falan da actualidade mental de quen as establece, neste caso, o noso artista Vizoso que, con tan só 26 anos, foi quen de salvar os escollos de illamento xeográfico mariñán. Esta obra atende a xuventude esperta de quen está inmerso nas reflexións que a maioría dos artistas ibéricos facían das vangardas europeas nos 70 e 80, desatando así mordazas de 40 anos de ditadura e establecendo, por fin!, a conexión necesaria para recoñecer o histórico e, por outra banda, revitalizar o contemporáneo.

Asimilar o concepto de “engadir” contra o de “sacar” é entender un dos presupostos básicos que achegan sentido contemporáneo para revolucionar a escultura. Xosé Vizoso proba neste traballo a capacidade de asimilar o novo dende as ensinanzas recibidas. Influencias iniciais de Juan Puchades que, a ben seguro, contaba coa información vangardista suficiente. Apuntalando máis tarde os seus coñecementos cando entra na enorme órbita galeguista-universalista, afincada nas raíces de Isaac Díaz Pardo. E Sargadelos, como idea, brindáronlle ó noso artista os vimbios necesarios para encarrilar un camiño que, como queda demostrado, foi cargado coa mochila da Arte, dende a humildade e o traballo, asimilando o anonimato colectivo e demostrando a forza da súa individualidade. O noso mundiño, que recoñecido, como di Marcos Calveiro, dá paso á universalidade.

Os cegos de Castelao son proxectos dunha dimensión que poden ser realizados a calquera escala, e ser concibidos en calquera momento para espazos diversos. Como xa queda dito na cita de W. Benjamin, ter a posibilidade da reprodución reducida, axúdanos a pensar na posibilidade de tamaño e espazo correlativo.

Contemplan as pezas invítanos a un percorrido de referencias inevitables no desenvolvemento da historia da Arte contemporánea, onde xa apuntamos que Xosé Vizoso coñece e analiza. Sen perder os trazos anatómicos esenciais, para recoñecer nas formas, figuras humanas, o seu movemento, aínda parecendo desatinado, métenos de cheo, nun sentido “barroquizante” helenístico, esaxerando a curva praxiteliana, para abrazar os primeiros pasos de Julio González ou Henry Moore, desembarcando na conceptualización do espazo cubista, como o de J. Lipchitz, Raymond Duchamp-Villon ou o propio Naum Gabo (nas pezas expostas no MOMA) e, xa na contorna ibérica, as primeiras probas de Oteiza (sobre todo en coleccións privadas de Bilbao) ou artistas periféricos con camiños moi similares como pode ser o artista canario menos coñecido Carlos Chevilly. Xosé, converte toda esta bagaxe histórica en planos que, deixando a súa rixidez, acadan as modulacións cóncavas ou convexas, facendo dos sólidos elementais, figuras maleables ó servizo dese movemento que é o que enraíza na terra os personaxes representados. Estas pinceladas estéticas non deben deixar de lado o tema, moitas veces perdido na convulsa maraña estética que envolve a representación. Castelao como icona, dunha profunda raizame no sentimento colectivo, deixa rastros suficientes na nosa memoria histórica como para non perderse en brétemas do esquecemento. Vizoso rescata esa énfase, para lembrar, cando eramos nenos, nas feiras, estes personaxes, que co seu son facía deterse

a maiores e nenos. Os violíns, o acordeón, a zanfona non son disimulados coma convidados, teñen o seu detalle suficiente como para lembrar os músicos do Pórtico da Gloria, e esa detallada reconstrución recollida no libro: *El Pórtico de la Gloria. Música, Arte y Pensamiento* no 880 aniversario da catedral de Santiago e, como extensión, *in memoriam*, a Serafín Moralejo Álvarez, un dos nosos grandes historiadores da arte. Esta raíz medieval, metáfora do noso pasado e, ós que como Moralejo dedicaron a vida polo noso país e outra das achegas derivadas da contemplación das figuras de Vizoso, que non deixándose arrastrar polo evidente, fai escoitar ese son que xorde dos instrumentos, acompasados polo movemento festivo, e é quén de trasladarnos a unha conciencia da nosa historia, que é posta en valor polo que propoñen as figuras do mindoniense. A sutileza deses fíos condutores dan proba da sensibilidade de quen traballa a conciencia, sen escatimar recurso tanto de coñecemento coma de procedemento. Por rematar con autores citados coma Baudelaire e da súa poética, poderíamos atoparnos en Xosé Vizoso esa expresión na que a modernidade é a conciencia da acelerada evanescencia temporal. Como ben di Abert Boime en su Historia social del Arte moderno: “Una obra de arte, al igual que el desarrollo de un solo día o de la vida de un individuo, incluye la historia del mundo y de la civilización”.

Transfigurar a pel en bronce e recoñecer toda a dimensión dun ser humano non é tarefa doada. Simplificado no simple parecido, non se chega á verdade por imitación, iso son exercicios de aprendizaxe. Cando un quere eternizar todo o que significa outro ser semellante, ten que ter en conta non só o seu aspecto físico, ademais está ó que se dedica, cales son as emocións que transmite, como respira, cal o seu presentimento. O retrato de Bolaño non é recoñecelo como parecido, é o xesto quen lle dá universalidade á figura, é esa pose, interpretativa, psicolóxica, unha man co cigarro coa mesma presenza que o resto dos aspectos do rostro. Ese instante petrificado, acompañando o xesto expresivo da cara, fala de bosquexos debuxados previamente, a procura dos espazos das sombras, esquivar o anecdótico, (un pucho sempre é un recurso de valor limitado) esa prenda pasaxeira que non ten de seu nada se o personaxe non está a ser identificado con ela. Evitar o superfluo, centrarse no esencial, integrar as partes nun todo, un concepto que por clásico non deixa de ser un exercicio sincrético, un concepto da unidade onde os elementos funcionan como parte dun todo: pucho, faciana, man, cigarro. Elementos tratados nunha técnica clásica, (o bronce à cera perdida) que demostra non só o coñecemento do detalle que pode proporcionar a propia técnica para servir os intereses dun artista esixente.

Unha vez máis elixe o asociacionismo para levar á fin a obra, mostrando o talante colectivista tan raro nas filas artísticas. Esta técnica, que reproduce ó detalle os trazos das arxilas orixinarias, queda reflectida nos ollos afundidos, dos que emanan a profunda mirada dos textos, a introspección interpretada para todos, no pequeno e no grande, no monólogo e na gran compañía, na pequena sala ou no gran teatro. A suspensión do tempo dunha man que sustenta o efémero inmediato, coma se o fume fose ese Cronos que ditaminase a fugacidade dunha eternidade conseguida, coa pericia de quen, coma Vizoso, paraliza a secuencia e a traslada a un tempo, só delimitado polos aconteceres da historia. Parece coma se Vidal Bolaño mirase para Xosé, nese intre no que o artista intenta a captación definitiva para responder a esa pregunta que acaba de saír da suprema interpretación:

—Remátaches?:

VLADIMIRO.- No podemos

ESTRAGÓN.- ¿Por qué?

VLADIMIRO.- Tenemos que volver mañana

ESTRAGÓN.- ¿Para qué?

VLADIMIRO.- Para esperar a Godot

ESTRAGÓN.- Es verdad. (Pausa.) ¿No ha venido?

VLADIMIRO.- No

Nesta pasaxe de Samuel Beckett atopamos os valores desa humanidade incontestable, na espera ilusionada das musas, orixes da música, que compoñen cada unha das ideas desenvolvidas, no interdisciplinar, na pluralidade, nos días, horas e segundos, creando, inventando, delineando, coa mirada cara á árbore, pensando onde está o seguinte paso, o seguinte movemento de lapis, pincel, cor ... forma que comeza a ser forma dun Prometeo tras o lume, ese lume facho que percorre unha vida, deixando ó seu paso todas as verdades que a emoción interna é capaz de trasladar.

Nunha sociedade na que a rendibilidade é un termo político para intentar sacar partida de calquera evento, sinto a necesidade de reivindicar o teu labor, Xosé Vizoso Fernández, como membro dun colectivo no que o teu traballo tiña que ser un exemplo dos moitos que nos rodean, sen esperar circunstancias ou consciencias ben intencionadas, máis ben tiñamos que ser subsidiarios do teu traballo e doutros/as que, coma ti farían da nosa sociedade algo diferente ós tópicos e banalidades que nos rodean.

Grazas polo teu traballo de hoxe e de mañá, do legado que ofreces e do valor inmaterial que achegas neste anaco de terra-país tan necesitado das ideas dos que coma ti apostaron por un valor afastado do poder e que fai perenne a memoria de estar vivos e atentos, reconfortados e ilusionados coa Arte que somos quen de apreciar valorar e aprender de persoas coma ti, XOSÉ VIZOSO FERNÁNDEZ.

Pedro Cabarcos Quintela



O Quixote



San Froilán



Cegos. Homenaxe a Castelao





Busto de Vidal Bolaño









MURAIŠ

Xoán Guerreiro

Xosé Vizoso, muralista

Dende os ancestrais tempos das Covas de Altamira ata os nosos días, a historia do mural como forma de expresión ten un longo e importante percorrido pero será a comezos do século vinte cando esta técnica rexurda con forza, chegando a acadar categoría de movemento artístico, debido ao impulso e ao protagonismo adquirido como medio de concienciación colectiva na revolución que puxo fin ao colonialismo en México.

As obras dos artistas máis recoñecidos do muralismo azteca como Diego Rivera, José Clemente Orozco e David Alfaro Siqueiros representan motivos sociais importantes da realidade mexicana e son consideradas Arte Oficial da Revolución.

No noso país realizaron murais moitos artistas pero posiblemente sexan Luis Seoane e Lugrís os muralistas máis representativos da nosa terra e os que lle deron o relevo artístico a Xosé Vizoso, de quen non pretendo escribir a súa biografía pero si quero non perder de vista determinados puntos interesantes e concretos que nos permitan poñer en valor a creatividade e a obra deste admirado mindoniense nado no 1950.

Non cabe dúbida de que a incorporación ao mundo das artes vén dada pola destreza persoal pero tamén é lícito recoñecer o valor do apoio, mecenado e orientación na aprendizaxe que Vizoso e outros mindonienses recibiron do grande mestre Juan Puchades. Se a iso lle engadimos a transcendental experiencia de máis de trinta anos a carón do mestre e amigo Isaac Díaz Pardo, traballando na Cerámica de Sargadelos e bebendo na creatividade e na execución de murais demostrada por Luis Seoane teremos as bases dun estilo personalizado e inconfundible. Para descubrir a intencionalidade do artista e os distintos camiños interpretativos dos seus murais temos que retroceder a finais dos sesenta cando no 1969, con tan só 19 anos, realizou a imaxe da paisaxe que se vía dende o garaxe de Ovidio de Enríquez, en Sargadelos; unha obra que pola súa tendencia impresionista instintivamente nos leva a calquera dos cadros de Paul Cézanne, sen caer na estrutura cubista coa que este compoñía a obra e, incluso, poderíamos atopar certa semellanza coa paisaxe galega de Colmeiro, aínda que os verdes de Vizoso son máis ácidos, moi peculiares e característicos da nosa bisbarra.

Ao ano seguinte nunha parede do salón de baile de Eduardiño realiza *Na feira de Cervó*, onde a figura aparece sometida á súa idiosincrasia en estilo figurativo, algo que marcará a forma de traballar deste mindoniense ao longo da súa creación e en calquera das súas manifestacións.

A obra muralista de Vizoso, tal como sucedía coa mexicana, tamén é social, reivindicativa e mariñeira.

Na homenaxe aos represaliados polo franquismo no Alto do Furriolo, (Celanova, 2006) apréciase un dramatismo expresionista xerado polo grafismo da composición en vermello e negro, dándolle ese halo de terror ás figuras cadavéricas que representan os asasinatos de Julio, Amadeo e Silvio. Para min unha obra en simboloxía directa co *Guernika* de Picasso.

O gremio dos mariñeiros, a xente traballadora do mar de Foz (Lugo), viuse identificada co significado do mural homenaxe a Celso Emilio Ferreiro, *Rente ao mar*, realizado por Vizoso mailos nenos do colexio público o ano 1981 no muro do adro da igrexa ata que as choivas torrenciais do 2001 o derrubaron. Media ducia de aguerridos e curtidos homes de mar, camiñaban paseniño polo “camiño de mar”, que simbolicamente os leva a esa incerteza do día a día, do sustento, do porvir ... entrementes as mulleres trasfegan e coidan a colleita de peixe acadada polo esforzo e o traballo dos seus homes, sen apartar esa mirada furtiva na despedida dos seus seres queridos coa inqueda da inseguridade do futuro que lles agarda. Na actualidade, o mural volve a ter forma grazas á súa reconstrución do mesmo no ano 2004.

O mural sobre a morte do Marqués de Sargadelos, A homenaxe ás pescantinas de Foz e Lembrando a Fole, son tres obras que por estaren realizadas todas elas con teselas cerámicas e presentaren as figuras características cubistas merecen ser agrupadas e comentadas en conxunto:

O primeiro deles, feito entre o 1980 e o 1984 no mostrador do bar O Mouronte, coa axuda de Juan García (*Ferrol*),

leva teselas negras e brancas e modela a forma de D. Raimundo Ibáñez, Marqués de Sargadelos, arrastrado polo cabalo diante dos ollos do pobo e do bispo de Mondoñedo.

O segundo, *Homenaxe ás pescantinas*, mulleres que levaron con galanura o nome de Foz e o peixe fresco por toda a Mariña, representadas por dúas mulleres de pé, dándose as costas e coa cesta equilibrada na cabeza, segundo reza a inscrición cerámica situada á dereita, na parte baixa da peza. A continuación desta lenda pódese ler: “Fixérono os pícaros do colexio público. Colaboraron a comisión de festas do Carmen. Dirixiron Berio Quiroga e Xosé Vizoso. 1.987”. A cerámica aquí tinguéuse de gris e branco.

E o terceiro, *Lembrando a Fole*, elaborado con teselas brancas e negras no ano 1990 atópase no Instituto de Bacharelato da Piringalla de Lugo.

Por último, a obra pictórica do ano 2015, *Mural Cardiología C.H.U. Santiago de Compostela*, elevada con grandeza á categoría de mural. Consta de tres módulos, tres pezas de 210 x 120 cm cada unha. No módulo un, Xosé Vizoso representa e plasma os peregrinos en todos os seus estatus sociais, coa simboloxía que a peregrinaxe trae consigo: estelas da Vía Láctea, a cruz do peregrino, a vieira ... Na peza central coloca o equipo médico xunto cos símbolos característicos desta profesión: dous corazóns, un deles recibindo sobre si o grafismo do electrocardiograma, microscopio e o frontispicio da Facultade de Medicina de Santiago. O último módulo está ocupado polos tunos, coloristas coas súas cintas, con bandurras e guitarras, e deixándose ver tamén representado o emblema dos tunos: o garfo e a culler de madeira.

As connotacións galeguistas que xorden na obra de Vizoso veñen dadas polo contorno cultural e social do desenvolvemento da súa vida e da súa traxectoria artística. Home comprometido coa terra, abandeirado dos dereitos do labrego, do mariñeiro e dos asoballados polo capital e o caciquismo, situacións que reflicte ao longo da súa obra, xunto co compromiso social e a cultura popular.

Xoán Guerreiro



Mural Homenaxe a Celso Emilio Ferreiro, *Rente ao mar*. Foz-Lugo



Mural. Homenaxe aos represaliados polo franquismo no alto do Furriolo. Celanova-Ourense





Xosé Vizoso traballando no mural





Mural no Servizo de CardioloXía no C.H.U.S. de Santiago de Compostela



Mural en Musa Arte





Xosé Vizoso pintando o mural na casa do seu amigo Xosé Vázquez Castro





Mural. Homenaxe ás Pescantinas de Foz



Mural na barra do Bar Mouronte de Sargadelos



CARICATURAS

Caxoto

Xosé Vizoso, caricaturista (Rotundamente Non... pero Si)

“A caricatura foi dende o comezo da historia un tipo de representación esaxerada dunhas personaxes ou feitos co fin de poder transmitir unha mensaxe, unha idea, a maioría das veces sarcástica sobre unha cuestión determinada.

É por este motivo que dende sempre, o home recorreu a realizar unha serie de trazos ben expresivos, ben simbólicos, pero tremendamente simples cos que transmitir ideas por medio de imaxes e así chegar a un meirande número posible de espectadores ós que convencer de tales ideas”

“Historia de la caricatura”, José Enrique Peláez Malagón

O obxectivo do presente escrito non é afondar nos significados ou sinerxías da paisaxe caricaturesca e menos recrearme en teorías e visións máis ou menos efectivas dun mesmo termo.

O obxectivo principal é falar das capacidades como caricaturista do meu amigo Xosé Vizoso, un argalleiro que, con calquera artello capaz de facer garabatos, non deixa de buscar parecidos e ata a propia alma de todo aquel que se lle cruza no camiño, tras o forte abrazo aderezado dun sorriso de orella a orella que deixa sen defensa e rendido á súa disposición o máis duro dos seres do planeta Terra.

Comecei apoiándome na definición de J. Enrique Peláez Malagón coa intención de poder asegurar agora rotundamente que non... que X. Vizoso non é un caricaturista... pero seguidamente, ou ó mesmo tempo, non teño problema en desdicirme e asegurar que si... que X. Vizoso é un caricaturista total e insaciable.

Xa sei que esta actitude non ha de traer máis que vigorosos problemas á hora de centrar o tema polo que, en caso de que o lector se sinta estafado, recoméndolle pedir explicacións ó responsable de facerme o encargo de tratar o tema de “Vizoso, o caricaturista” e ó propio Xosé Vizoso por non ser e ser... todo ó mesmo tempo. Eu, pola miña parte, tentarei remover os argumentos ata tratar de encaixalos nunha desas caricaturas síntese do primeiro cuarto do século XX, de xeito que, ao presente escrito non lle falten *entendedeiras* ás que agarrarse e que sexan claras e concisas co menor número posible de reviravoltas.

Vizoso non é un caricaturista (nin retratista)

Eu mesmo escoiteille ó propio Vizoso dicir nalgunha ocasión que el non facía caricaturas senón retratos. A verdade é que como argumento para defender a posición de partida pode resultar contundente e, polo tanto, vindo do propio homenaxeado, o acicate que preciso para dar por rematado o funesto encargo que me tornou en “escritor” durante un par de páxinas.

O que pasa é que non me acaba de convencer a sentenza do mestre porque, a pouco que se indague, no seu taller emerxen, por exemplo, “retratos” con narices esaxeradamente “gongorinas”, sen ir máis lonxe; con algunha destas acostumaba agasallar o seu benquerido patrón don Isaac Díaz Pardo que, aínda estando este moi ben dotado de apéndice nasal, o “narizísimo” debuxado por Vizoso era máis ben infinito que finito.

Polo tanto, se por retrato entendemos algo así como “a representación máis directa dunha persoa buscando a súa imitación en debuxo, pintura, escultura ou fotografía...” e botamos unha ollada ós centos de “retratos” efectuados por Vizoso, constataremos, sen moito esforzo, que este non sempre se conforma coa fiel imitación do modelo.

Será esa condición de argalleiro a que o fai deformar o circundo? Probablemente, si.

Ademais é de todo evidente que os seus “retratos-caricaturas” tampouco buscan reivindicar nin satirizar como o fixeran aquel cervense, de nome José María Cao Luaces, no cambio do século XIX ó XX ou máis adiante o mesmo Castelao. Máis ben, todo o contrario. Xeralmente fai uso desta linguaxe para amosar cariño e respecto, coa posterior homenaxe ó “modelo” no intre en que, desinteresadamente, lle entrega o froito clandestino da súa verdadeira paixón, o debuxo.

Os que o coñecemos sabemos que, unha vez acougados fronte ó mestre, é probable que en menos do que nos poidamos dar de conta, entre a conversa e un grollo de viño tinto, xa ten activada a máquina que inmortalizará o mínimo xesto significativo que, seguramente, nin o propio dono foi capaz de catalogar como seu ata ese intre. O resultado sempre é un híbrido entre a caricatura e o retrato (sempre segundo as definicións académicas de ambos os termos).

Polo tanto, sentindo moito o espírito contraditorio que parece vai abundar na presente disertación e meténdome onde non me chaman, “Vizoso non é caricaturista pero a miúdo tampouco retratista”

Porén “Vizoso é un caricaturista insaciable”

Chegados a este punto, despois do razoamento que precede, bule polo meu interior un sentido de culpa que camiña da man da inquietude, do convencemento de que non é xusto privar a Vizoso, así dun pulo e de xeito violento, do cualificativo de caricaturista e retratista.

Se ben é certo que polas definicións de ambos os conceptos teríamos que repensar as etiquetas coas que enganar o mestre, non menos certo é que calquera definición típica e académica non chega para envolver os dons deste inmenso artista, porque tratan de definir acoutando, mentres que o espírito libre deste mindoniense, tanxible xa dende a súa máis tenra infancia, non atura estreitos cómaros nin rexias cadeas que delimiten o seu campo de acción.

Xosé Vizoso exprésase, sempre alleo a etiquetas... e punto! Pero se hai algo que une a súa obra é que fai uso constante da linguaxe da caricatura entendida como a análise que leva á expresión rotunda e sinxela da realidade que discorre ó seu redor.

Este home caricaturiza todo, e cando digo todo, quero dicir todo, con letras inmensamente maiúsculas. A saber: cabalos, feiras, cardeais, gaiteiros, mouchos, curuxas, sapos e bruxas... tamén tunos, ferreiros, heroes da farándula, labregos e ceramistas... A súa obra é pura caricatura, benevolente e agradecida, chea de luces e cores que indubidablemente melloran a realidade. Vizoso non procura a semellanza, nin agraviar, senón o espírito e esencia mesmos da vida, o plasma que adormece tras a persoa, animal ou obxecto para elevalos ó cumio da solemnidade a través dun trazo, exento de adornos gratuítos, firme e sustentador de toda unha historia allea que, só el sabe achar máis alá da simple evidencia, porque o mestre ademais de mirar, ve.

Conclusións

Percorrendo a obra de Vizoso dende os murais e carteis de xuventude dos anos 60, talvez sexa posible defender a teoría aquí exposta.

Daquela, Vizoso buscaba a esencia das veciñas e veciños de Mondoñedo e Cervo, labregos e taberneiros, actores

que interpretaban a vida naqueles espazos de xuntanzas colectivas, as tabernas, que fascinaron dende neno a Xosé.

Daquela trataba de plasmar os figurantes, dende unha carencia de síntese gráfica que, posteriormente, puliu a base de talento e incansable traballo de campo pero mentres tanto camiñando, como calquera debuxante novel, a carón do retrato realista, aínda que con algún chisco intencionado cara á caricatura. Esta tendencia resulta xa evidente no retrato de Rafael Blas; un rigoroso perfil no que plasma o señorío do taberneiro e que aínda hoxe podemos gozar na parede da taberna do Almacén, en Cervo (Lugo).

Duns anos antes é o primeiro cartel dedicado á Feira de As San Lucas de Mondoñedo, no que claramente buscaba a achega de información dende unha paleta de cores básicas, acorde cos trazos esquematizados do paisano, tractor e cabalo..., para min caricaturas anónimas que enchen unha carteleira atrevida da feira centenaria, quizais con algunha achega do seu por aquel entón mestre, Juan Puchades, nun Mondoñedo de época e rigorosas normas conservadoras.

Posteriormente, os inicios en Sargadelos a carón do Vello, como el chama cariñosamente a don Isaac Díaz Pardo, abriron as portas a un mundo de liberdade creativa no que definitivamente puido xogar co seu maxín, primeiro da man do patrón Isaac e despois xa segundo o propio criterio e solvencia.

Deste xeito, Xosé Vizoso entrou a formar parte do selecto grupo de debuxantes que desenvolveron o seu talento dende a estreita relación coa cerámica tal e como fixeran, case un século antes, o cervense de Viladesuso, José María Cao Luaces, e o portugués, Raphael Bordallo, ambos pioneiros da caricatura arxentina e portuguesa respectivamente.

O feito de ter que deseñar formas caprichosas, compatibles con barro e forno, agudizaron sen dúbida a capacidade de análise de Vizoso para sacar de dentro o mellor de si nos centos de figuras coas que participou para converter a Sargadelos na esencia da nosa cultura e vangarda do deseño galego. Aqueles vellos namorados, os galos, os cegos de Castelao..., sempre motivos que ben poden recordar os trazos sintéticos dos mellores caricaturistas dos nosos tempos, levados á cerámica dun xeito tan innovador que, seguramente, nin o propio Vizoso sexa consciente da súa contribución novidosa ó mundo das artes como caricaturista ceramista tridimensional.




Durante todos estes anos houbo, sen dúbida, un momento no que Vizoso se deu conta que xa non era el o que compoñía, nin sequera o que executaba certos trazos co seu lapis... Sen darse conta chegara a adquirir a madurez artística, a soltura total de xeito que todo acontecía por si só (agardo que entendan o atrevemento); a man, os ollos, os movementos corporais levábano a conseguir resultados asombrosos en calquera das facetas artísticas que traballara. Foi entón cando os retratos se converteron en agarimosas caricaturas cheíñas de esencia... e as caricaturas en asombrosos retratos sinxelos sen reviravoltas gratuítas e, todo iso, a xeito de ingredientes de carteis, ilustracións, escultura e figuriñas cerámicas de azul cobalto e atrevidos vermellos que só el se atrevera a incorporar á linguaxe de Sargadelos.

Hoxe Xosé Vizoso é un inmenso caricaturista, retratista, ilustrador, escultor, ceramista ... Eu non sei como definir cunha única palabra esta besta creativa!


Alguén máis dotado que un servidor terá que encontrar un termo para definir a un enfermo incapaz de non debuxar, enganado como un drogadicto ausente de senso que, sen querelo, non deixa escapar a oportunidade de loitar por un novo garabato, por outra caricatura, ou retrato, ou cartel, ou escultura, ou ilustración, ou carta de tarot ... sen importarlle o máis mínimo a etiqueta que lle colguen, sempre e cando non o priven da liberdade, o único ben do que nunca quixo desprenderse e que leva sempre a carón do lapis no peto da camisa, sentindo retumbar, moi preto, un inmenso corazón.





Rematado en Brión o 11 de xaneiro do 2017

Antón Caxoto













RETRATOS

J. Pedro Gómez

Retratos

Tiñamos a sospeita. Os resultados obtidos dunha pequena enquisa déronos a razón. Quedou comprobado que a maioría da xente non coñecía a obra de Xosé Vizoso na súa vertente como retratista, mais mesturados os seus traballos cos doutros artistas todos logran identificalos inmediatamente porque “nada máis velos provocan un chispazo na mente- din - un algo que os fai únicos e diferentes”.

A que se debería tal singularidade se os retratos foron feitos *in situ* na súa maioría, lonxe dun estudio coas condicións esixentes que require a teoría? O seu trazo, sen medo, capaz de transformar en sublime ata un aruxo pequeno e a forza vital dos seus ollos negros afeitos a radiografar xusto o imprescindible, fainos pensar que Vizoso posúe ese don xenial, privilexio dos elixidos, que lles permite comunicar directamente a alma cos dedos e así inmortalizar no lenzo non só o que vemos nese momento senón que reflicte tamén, a modo de espello, canto garda o retratado nos seus adentros.

Sen pretender realizar nestas liñas unha análise exhaustiva de estilos ou técnicas empregadas polo artista decidimos dar un paseo polas distintas etapas da súa vida nas que iremos atopando retratos de xente amiga e benquerida. Sirva de exemplo e de punto de partida a imaxe que de seguro para el hoxe será moi emotiva, un perfil en plano medio da súa propia nai debuxado a lapis nunha folla de caderno antigo onde con trazo firme e sen medo, o asina con tan só catorce anos, en Mondoñedo, treinta y uno de Mayo, 1964. Extraordinario!

Tendo en conta o que hoxe sabemos mesmo pretendemos entrever na cara eses trazos lineais rápidos, limpos e seguros que darán pé ao seu estilo de contornos definidos. A pesar da curta idade, pola súa firmeza e polo seu equilibrio, non se aprecia un debuxo de neno, nin o paso dos anos mingua o seu encanto, sen apenas sombra nin degradado porque o seu realismo, de mirada alta, non o precisa, non lle fai falta para transmitir a forza e a contundencia que a el lle interesa: o valor dunha nai para criar os fillos, o mesmo que aínda hoxe Vizoso conserva e lles transmite a cada unha das súas pezas.

Se queremos viaxar no tren do tempo para que nos recorde os corenta anos que Vizoso lle dedicou á Cerámica de Sargadelos, talvez a maior empresa cultural de Galiza, localizada no concello de Cervo, teremos que subirnos ao vagón do 1968 en Osedo, Sada, onde el, con 18 anos, foi da man de Puchades para ser examinado e aprobado por Isaac Díaz Pardo quen de inmediato o puxo en contacto coa abstracción xeométrica ideada por Bello Piñeiro para o Ateneo Ferrolán. Logo, pouco a pouco, o seu espírito inqueda vai asentando en Cervo -Sargadelos onde os retratos de amigo aparecen polas paredes, lenzos ou papeis sorprendendo a todos pola súa viveza, pola grande expresión que a miúdo consegue aforrando cada vez máis trazos, claro reflectir dunha metamorfose evolutiva, permisiva coa coexistencia de estilos pero armada dunha progresiva tendencia á dominancia da abstracción sobre o realismo, termos técnicos que adoptamos para analizar os abondosos retratos que atesouran un compendio de sabedoría e talento.

Entre os anos 1968 e 1970, enmarcaremos todos aqueles traballos, froito da súa necesidade vital de debuxar e de compartir o valor que xa tiña dentro, nos que o retratista mestura as personaxes, figuras e imaxes personalizadas coas da nova realidade que o circunda, onde, ás veces, se refuxia porque como el mesmo recoñece o 29 de decembro de 2014 nunha entrevista a El País: “La verdad es que estuve tres o cuatro años algo amargado”.

Poñamos de exemplo un retrato social, incomparable radiografía expresiva do sentir popular nunha feira tradicional galega, das que xa non quedan. Asinado no 1969 e situado nunha das paredes interiores do Salón de Baile de Gradaille, en Cervo, ademais de ter un valor pedagóxico incalculable pola transmisión da vestimenta tradicional, transmite a toda cor a psicoloxía do trato por entre os aires de feira, a bota de viño e o fume do tabaco, o bosquexo pensante da muller que escoita e pensa como gobernar a vida... e ao fondo o cabalo, símbolo das San Lucas no seu Mondoñedo, terra querida.

Nese mesmo ano, mentres no traballo se curtía en experimentos e tendencias, reserva para o pobo e os amigos, cos que sempre foi espléndido e agarimoso, a esencia do retrato emotivo, o retrato de amigo para honrar a Eduardo Gradaille, Eduardiño, como el lle sigue chamando ao patrón da casa onde se hospedaba. A suavidade dos trazos, as sombras disipadas, as prendas ben delimitadas indican a dedicación e o esforzo por conseguir esa expresión distraída e tranquila e, sobre todo, por amosar coas maxistras liñas da boca a sensación de quen xa probou todos os sabores da vida.

A aprendizaxe da vida transcorre por distintos lugares onde se deixan pegadas de estilos variados. Falamos da descomposición dos rostros para xogar coas partes entrelazando perfil e fronte como vemos no de *Cuco Camarena* que semella desprender un aire cubista, o mesmo ocorre coa fusión do rostro dunha muller cunha pomba noutro cadro.

En Sargadelos ademais de ser “rato de biblioteca” como el se define, sempre para aprender máis e abrirse a novas ideas, pode relacionarse con outros artistas, participar nos encontros e alternar no Mouronte ou no Almacén de Cervo nos que deixou mostras da súa arte. Nas paredes do bar da Pousada O Almacén quedou retratado nun primeiro plano, de perfil, Rafael Blas, o seu propietario, e noutra parede a imaxe central de corpo enteiro, sentada e en actitude de brindar co porrón de viño na man, está escoltada por dous rostros; o da esquerda representa o propio Xosé Vizoso debuxado por José Montilla e o da dereita a un destacado ceramista catalán chamado Joan Vilallonga Falcó.

Se cronoloxicamente nos trasladamos a finais do século XX e primeiros do XXI, atoparemos un Vizoso retratista que, sen perder a personalidade do seu estilo propio, admite tal simplicidade e variación que nos conduce aos límites confusos do retrato coa caricatura onde el encadra infinidade de personaxes de notable transcendencia como Isaac Díaz Pardo, debuxado a lapis no 2014, para tinguirlle e simplificarlle os trazos que resaltan aínda máis a expresión, ás veces cunha soa raia como sucede na boca.


A experiencia da vida e o paso dos anos fan que o mundo se renda diante do simplificado perfecto que amosan as liñas do Vizoso retratista, sen perder nin un ápice da forza, da expresión e do sentimento que a persoa transmite, aspectos que poderíamos comprobar en multitude de personaxes públicas, políticas e culturais, humildes e de renome, que pasaron pola súa factoría situada onde menos se agarda porque só Vizoso posúe a facilidade e a capacidade única e infinita de esbozar e darlles vida con catro liñas a centos de personalidades distintas.

Eu quédome co Vizoso ao natural, ese home que aínda hoxe desfruta realizando un retrato nun pano de papel mentres toma un viño, nunha sobremesa de amigos, ese retratista que ten que debuxar aquel rostro que lle di algo, que lle chama a atención dalgunha maneira e non pode reprimir ese impulso. Quédome coa idea de que o crea para o seu propio goce. Non lle gusta levar no bolso cadernos, acuarelas, como agora facemos, porque cun lapis e un pano de papel, ou nun cartón de Ducados, como de moi neno lle vin facer en Marquide a petición do meu pai. Non precisa máis. Estamos a falar dun artista único chamado Xosé Vizoso, mindoniense universal, do cal moito temos que aprender e, por suposto, da obra del e da súa amizade sempre nos sentiremos orgullosos.

Por J. Pedro Gómez
















LOGOTIPOS

Fran Bouso

Facer país a través da imaxe

Hai estudos que fixan a orixe dos logotipos no século XIX como marcas que facían saber a autoría do produto que levaba ese símbolo gráfico, pero de ser así ben seguro que poderíamos falar da súa aparición no Neolítico. Ao longo dos tempos, canteiros, oleiros, impresores e outros artesáns deixaron a súa pegada en forma de marca nas súas producións.

Impresionar cunha simple ollada, fixar na retina a imaxe -necesariamente positiva- dunha marca, dunha empresa, dunha entidade ou dun evento é a finalidade dunha imaxe corporativa. Un emblema ten que ser unha representación gráfica dunha idea que transmita empatía, vinculación do receptor co ente representado. Trátase de símbolos obrigados a adaptarse aos soportes e espazos nos que a realidade que representa precisa estar. Un anagrama debe ser impresionante, lexible, doado de manipular e alterable. Polo tanto para crear unha imaxe de marca faise necesario posuír un amplo dominio do debuxo, de materiais e soportes, de psicoloxía aplicada á mercadotecnia, dominio dos tipos e da cor. Todas estas características cumpreas Xosé Vizoso, artista que amosou a súa habilidade creando un elevado número de logotipos que axudaron a promover ou lembrar produtos, servizos e eventos.

Para a asociación As San Lucas, Vizoso elaborou un logotipo con forma circular con forma de medalla que contén, ademais de tipografía, a imaxe da peza cerámica titulada *As San Lucas* na que se representa o animal máis vinculado a esta feira na actualidade, os cabalos.

Para unha escola de equitación, o artista mindoniense escolleu unha cabeza de cabalo na que a crina do animal se converte nas letras que conforman o nome da entidade que representa: “Cabriola”.

A unión das augas do mar Cantábrico e do océano Atlántico é a idea coa que xoga Xosé á hora de crear o logotipo de Ortegal Estaca, S.L.

Para representar unha entidade que se denomina “Os Carballos”, nada mellor que unha folla desa árbore e dúas landras que axudan a equilibrar o conxunto que garda no seu interior o nome da entidade.

Algunhas empresas, que claramente querían relacionar os seus produtos coas materias primas galegas, deixaron nas mans de Vizoso a creación da súa imaxe corporativa. É o caso de “Casa Galeguesa” no que Xosé plasmou a silueta dunha vaca, cuns cornos ben destacados, que poderían lembrar os dunha cachena.

“Souto Xímaro” é o nome dunha arboreda de Lourenzá e tamén o dun grupo de gaiteros da mesma vila. O anagrama que Vizoso creou para os músicos laurentinos é unha imaxe cenital dun ourizo cargado con tres castañas e bordeado por formas rectilíneas entrelazadas que dan como resultado un conxunto xeométrico con múltiples simetrías. Non é este o único traballo que realizou o mindoniense para grupos de gaitas, “Andarivel” tamén ten un logotipo no que se sintetiza a visión dun cuarteto de música tradicional galega con dous gaiteros, un tamboril e un bombo. As cores, as formas e un simple “V” no pé dun gaitero identifican a súa autoría.

O restaurante “Ruta Jacobea” está perfectamente relacionado cun deseño de Vizoso no que traballou a idea do Camiño de Santiago incorporando á tipografía elementos xacobeos como a caxata ou bordón do peregrino no “R” inicial e a cuncha de vieira.



En Brión, é posible tomar un café e adozalo co azucre que contén un sobre no que se combinan cores verdes, amarelas e brancas en elementos representativos do Paraíso, Adán e Eva comparten espazo coa serpe e a mazá. Recoller e describir todos e cada un dos logotipos que leva deseñados Xosé Vizoso é unha tarefa de investigación prolongada, aquí unicamente recolleemos algúns aos que habería que sumar outros moitos máis como o anagrama do CEIP Xosé Neira Vilas ou o da propia fundación á que lle dá nome este escritor, bo amigo do mindoniense;


traballos que inicialmente naceron como anagramas e que remataron sendo portadas de discos como o da *Romaxe de crentes galegos*, da Quenlla, e outro moitos espallados polo país e polo mundo.

Os traballos feitos por Vizoso vinculan directamente o elemento coa promoción da nosa cultura, do noso país.

Fran Bouso















TEATRO

Francisco Piñeiro Glez.

Talvez a néboa sexa a razón pola cal en Galiza os feitos non sempre parecen o que son. Na nosa terra “Ser ou non ser” non é a cuestión. Entre eses dous polos extremos atoparemos esforzados galegos surcando os mares da indecisión, outros navegando á deriva, e a maioría deixándonos levar polo destino, na esperanza de que os demos, trasnos e meigas non nos entornen ou nos impidan arrimarnos ás beiras, claro que todo “Depende, Pode ser ou Malo será, Deus dirá, Non sei que che diga...”. Total, que xa se verá.

Neste sinxelo espello teatral non se reflicten os persoeiros adiantados ao seu tempo como foron os fundadores e promotores dos complexos industriais sargadelianos, cada un deles no seu momento. Eles son dos que cando collen na man unha presa do noso chan, onde os demais vemos terra, eles saben ver País e ademais, co seu esforzo e alento, conseguen que comece a latexar, por iso neste traballo imos nomear a persoeiros que polo seu compromiso con Galiza son grandes modelos para seguir.

D. Antonio Raimundo Ibáñez, convencido de que “aproveitando os nosos recursos naturais e dándolles formas artísticas aumentámoslles o seu valor, impedindo así que as empresas alleas os leven” fundou, a primeiros do século XIX, a Real Fábrica de Sargadelos, o complexo siderúrxico máis avanzado de España e, algo máis tarde, puxo a andar a *Real Fábrica de Louza de Sargadelos*. Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane, no ano 1963, tendo en conta a opinión de moitos intelectuais galegos, perfeccionaron a idea e crearon o Laboratorio de Formas, xerme da nova Cerámica de Sargadelos, promotora da recuperación, inclusión e aproveitamento da esencia do pobo galego como conxunto de bens ou recursos inmateriais, entre os cales se atopa o teatro por ser este “uno de los más expresivos y útiles instrumentos para la edificación de un país”, en verbas de Federico García Lorca.

Isaac Díaz Pardo atinou ao buscar persoal cualificado entre os galegos, apostou polo valor do noso; esa foi a razón de integrar no cadro de persoal no 1968 o mindoniense Xosé Vizoso, outro comprometido coa alma de Galiza. Ambos os dous entendían o latexo social do teatro, a capacidade de fundirse co proxecto industrial nunha simbiose natural con beneficio mutuo que ademais serviría para demostrarlle ao mundo que Galiza segue viva pois “Un pueblo que no ayuda y no fomenta su teatro, si no está muerto, está moribundo”. (García Lorca).

Poderíamos analizar, clasificar ou discutir ata aclarar se a convivencia da arte escénica co deseño cerámico creado por Vizoso deu como froito medallóns: *Asociación Teatro de Cámara Ditea 1960/85*, *Teatro Jofre de Ferrol ...*, máscaras das festas parateatrais do Entroido: *Felo de Maceda*, *Pantalla de Xinzo de Limia*, *Boteiro de Viana do Bolo*, *Máscara conmemorativa do Festival de teatro de Sitges, 1986* (84 pezas numeradas) ..., caretas: *O Cigarrón* (a única que deseñou Vizoso), *Cornaberto*, *Lubicán...*, pezas exclusivas coma *O burro*, réplica da empregada en agosto do 1980 na representación da peza de Xosé Ruibal..., carteis: *Furgagarabela* da Compañía Volta e Dálle, portada de libros como *A derradeira batalla do Marqués de Sargadelos* da autoría de quen isto escribe... e volveríamos a caer no dilema da reflexión inicial porque non todas as pezas que parecen de Vizoso realmente o son. E ao revés.

As ondas dos mares escénicos sargadelianos foron empuxadas principalmente por tres colosos: Ricard Salvat, Isaac Díaz Pardo e Xosé Vizoso. Non se pisaban os pés pero máis dunha vez Isaac tivo a honradez de desmentir na prensa o que saía ao revés, referíndose ás caretas do teatro deseñadas por Xosé. Outro tanto pasaría en Budapest coa escenografía.

Hoxe en día entendemos por escenografía todos os elementos visuais que conforman unha escenificación (decorados, iluminación, vestuario, maquillaxe, perruquería, audiovisuais, etc) pero dadas as características do noso protagonista definirémola como “pintura de escena”, nome procedente do teatro grego onde os decorados cambiaban mediante un aparato prismático de revolución chamado periacto que levaba un debuxo diferente en cada unha das tres caras.

Os soportes habituais empregados por Vizoso foron bastidores armados con barrotes, modelo inicialmente

experimentado no teatro Farnesio de Parma, no 1620, para colocar papeis ou telas pintadas por unha ou dúas caras. Cando as posibilidades económicas ou as dimensións do espectáculo o permitiron tamén empregará decorados móbiles de reemprazo simultáneo para crear distintos climas escénicos, técnica usada polos escenógrafos de Molière.

A fundación da Sociedade Cultural Leticia de Burela, no 1974, e o nomeamento de Xesús Gómez Lareo como director escénico dun grupo teatral que integrou a mozos e mozas amigos de Vizoso (Eduardo Gradaille Sierra, Juan Carlos Enríquez Casas, Marina Río Fra, Rosa Quiroga, Ángel Rodríguez Martínez, Ángel Vigo Díaz, Luís Rodríguez, Eugenio González e outros) conseguen que o artista mindoniense se comprometa a realizar decorados que resultaron ser auténticas obras de arte.

En *Almas sinxelas*, peza escrita por Xavier Prado Rodríguez (*Lameiro*), deseñou un cruceiro xigante e de fondo unha paisaxe pola que transcorría un camiño cara ao monte, quedando á esquerda a casa do Tío Sidro, tan humilde que para soste os canlóns do tellado empregaba forquitos de pólas de carballo, debuxados con tal realismo que os nós abraiaron os críticos asistentes á representación da peza na III Mostra de Teatro Galego en Ribadavia, ano 1975, onde recibiron felicitacións a pesar da freada que sufría o teatro costumista en beneficio da liña do teatro innovador, crítico e comprometido cos problemas do país, defendida por Díaz Pardo e abandeirada polo catalán Ricard Salvat e o valadourense Manuel Lourenzo. Sería xusto recoñecer que eles conforman o triángulo dos alicerces onde se asentou o teatro profesional en Galiza tal como demostran algunhas declaracións epistolares:

«Queremos salir abiertamente del campo “amateur”, y las ideas, estos días, aún no están muy claras».

(Carta de Manuel Lourenzo, director de Teatro Circo, a Ricard Salvat. Setembro 1972)

Pero aos poucos días noutra carta aclara:

“Ha ocurrido que, de pronto, nos hemos decidido por una línea más profesional. fuimos a Sargadelos, y nos hizo ver Isaac la necesidad de constituirnos como empresa independiente y la posibilidad de que en el futuro el Laboratorio de Formas nos permita realizar el proyecto que está en la prehistoria del grupo: una escuela dramática para Galicia, centralizada, y con posibles «sucursales» en las principales ciudades”

No medio deses tres prodixiosos vértices estaba Xosé Vizoso, conectado esencialmente pola fonda admiración que os catro sentían pola obra e personalidade de Castelao, a quen Ricard Salvat descubrira no ano 1950 ao ver que, con orgullo e medo, algúns fogares galegos conservaban entre panos agochada de forma semiclandestina “una figureta o pequena escultura colorida que reproducía un home vestit de negre, fortemente encorbat”. Referíase á imaxe realizada por Cerámica Celta de Cesures.

No 1977 preparou Vizoso os decorados de *Todo ten goberno* representando dúas casas de pedra á vista; a da esquerda nova e, á dereita do espectador, a casa do zoqueiro, coas fiestras desgonzadas por riba da porta de poxigo na cal, poucas horas antes da estrea, Vizoso debuxou a gateira, o cal é indicativo do celo que o artista poñía nos proxectos.

Dous anos despois animou a peza *Metá e metá*, orixinal de Xosé Agrelo, cun decorado partido en dous, representando Galiza e Alemaña para criticar os problemas das familias que vivían divididas a causa da emigración. Con *Se o sei non volvo á casa*, de Varela Buxán, conseguiron o terceiro premio no Certame de Lugo sendo aplaudida en Chantada por compoñentes do grupo Maruja Villanueva en Bos Aires e polo propio Varela Buxán en Sargadelos.

Isaac Díaz Pardo que andaba a matinar nas IX Experiencias de Sargadelos para agosto de 1980, baixo o lema *Necesidade e satisfacción*, propónse o reto de demostrarlle ao mundo a capacidade do teatro afeccionado galego para comunicar un problema do noso tempo axudando a engrandecer o prestixio que merece a nosa terra e con

tal fin proponlle a Manuel Lourenzo, director do Centro Dramático Galego, a tradución e posta en escena da obra burlesca e desmitificadora *O burro* do xornalista e dramaturgo pontevedrés Xosé Ruibal, premiada no 1968 en Norteamérica co *Modern International Drama* pero o valadoureño prefire *Dansen* de Bertolt Brech, coa cal vai estrear como profesional a Sociedade Cooperativa Compañía Luis Seoane¹. Completarían o cartel de convidados o grupo catalán de Nuria Espert, dirixido polo ex-director do Teatro Clásico de España, Ricard Salvat e para a xornada de clausura, 16 de agosto de 1980, conta coa estrea mundial do monólogo, sen palabras, *Música només para vosté*, do dramaturgo alemán Frenz-Xaver Kroetz, interpretado pola actriz Carla Cristi e dirixida por Ricard Salvat. Pero Isaac convence a Leticia da validez da súa proposta, sabendo que para conseguir a espectacularidade gardaba unha bala na recámara: a escenografía, a xenialidade de Vizoso.

E así sucedeu. Xosé Vizoso confeccionou un burro americano de cartón pedra a tamaño natural con rabo ventilador, radar, cámara frigorífica, neveira, cirurxía estética, pantalla de TV, aspirador de po radioactivo, teléfono na orella, asador de polos, servizo ultrasecreto de espionaxe internacional, detector de meigas e pantasmas, xestora de divorcios e enterros de primeira clase, raios X con potentes lupas para rebuscar cartos, axente cambio e bolsa especializado en fraude público, enormes golpes eléctricos a elementos perigosos, fotocopiadora a cor, reprodutor de sons raros..... todo nunha peza que viña vender un *mister* americano e aparecía en escena voando, movido por un guindastre por riba das cabezas de tres mil persoas que ateigaban O chao do que virá , acondicionado para o evento no mesmo Sargadelos e rodeado de estadas para apoleirar a gran cantidade de público asistente. A mágoa foi que pouco tempo despois o espectacular burro sería enviado a Sada, onde rematou na fogueira dunha noite de San Xoán co conseguente desgusto do ideólogo e deseñador. Menos mal que actualmente se venden réplicas en miniatura realizadas en cerámica!

Rematada satisfactoriamente a experiencia, o grupo teatral Leticia sería convidado polo Centro Galego de Barcelona para representar *Se o sei non volvo á casa*, en maio de 1985, co gallo da celebración do Día das Letras Galegas. A pesar de que Xosé Vizoso nunca os acompañou nos desprazamentos, á hora de decidir esta viaxe á cidade condal tiveron grande influencia as xestións e facilidades que el conseguiu por mediación de seu irmán Venancio.

Ao ano seguinte coa creación do grupo Buril de Burela, Xosé Vizoso, diseña os decorados de *A voda do esgaranello* estreada no cine Mon o 27 de novembro de 1987, o cal consta de catro arcos xigantescos de fondo cun cruceiro central no que en vez dun cristo crucificado destaca unha figura sentada coas pernas cruzadas e fumando.

En decembro dese mesmo ano, con motivo da paralización da factoría Alúmina-Aluminio debida á tensión social producida polos supostos bidóns tóxicos procedentes do cargueiro Casón, eu mesmo recibín a petición urxente de escribir un aporósito que titulei *Saloucos*, acompañándoo dun debuxo dunha vaca que comía penso Casón, enroscaba o rabo en forma de serpe na cheminea da factoría e partía en dúas, os cornos para o pobre e para os ricos o ubre, decorado que debería de acompañar a escenificación da peña se Vizoso o reproducía en grande como así foi.

Como consecuencia do cambio de destino de Jesús Gómez Lareo, no 1986, e a desaparición do Grupo Buril, no 1990, remata a efervescencia teatral na Mariña e comeza unha década de actividade moi escasa na cal sosteñen a vela as representacións intermitentes programadas no Auditorio ben polo Laboratorio de Formas ou polas Iniciativas Teatrais Infantís, a partir do 1994, con obras e decorados da miña autoría e dirixidas por M.^a Paz Rodríguez Silva. A primeiros de febreiro do 1994, Ricard Salvat estreou no Teatro Nacional de Budapest a peza *Az ember tragédiája* (La tragedia del hombre) do dramaturgo Imre Madách. A súa escenografía debería ser de Isaac Díaz Pardo pero, como el mesmo recoñece: “En 1993 empecé pero lo cierto es que todo el peso y el desarrollo del decorado lo llevó mi compañero José Vizoso, maestro de diseñadores en Sargadelos” En efecto, Vizoso desprazouse varias veces a Budapest nese ano. A primeira vez, xa no avión, Salvat pídelles os bosqueños iniciais para presentarllos ao día seguinte ao responsable da obra pero como nada levaba pasou a noite debuxando sobre as ideas que lle

1 A Escola Dramática Galega na configuración do sistema galego de produción teatral (1978-1994)


contara na viaxe, pois Xosé descoñecía totalmente o argumento. Para representar desde a creación do mundo ata a bomba atómica realizou dez figuras de cinco metros, símbolos de grandes momentos ou etapas históricas, cada unha delas montadas no seu carro con estrutura de madeira. Así ían aparecendo e relacionando a esfinge con Exipto, Roma cun gladiador, a guillotina coa Revolución francesa, etc... ademais doutros elementos singulares como un sarcófago duns dous metros....

Vizoso xa colaborara con Ricard Salvat cando este era director do Centro Dramático Galego realizándolle un tapiz de ceo raso granate coloreado de amarelo ouro para a batalla entre mouros e cristiáns no *Incerto señor D. Hamlet*, de Álvaro Cunqueiro.

Destacamos finalmente colaboracións con Os Quinquilláns na obra *Os Irmandiños* que levaban polas rúas de Santiago un esqueleto móbil de case tres metros de alto e unha catapulta xigantesca..., con Pepe Penabade e con tantos outros pois Xosé Vizoso goza coma un neno compartindo o seu universo creativo co mundo do teatro porque sabe que o teatro é un soño colectivo; por esa razón lle estaremos sempre agradecidos.

Francisco Piñeiro Glez.









O VIZOSO OCULTO

O outro Vizoso, o Vizoso oculto

A Xosé Vizoso recoñéceselle polo seu traballo para fixar e darlles sinal de identidade a proxectos colectivos e por crear unha linguaxe de cuxa eficacia plástica e rápida conexión popular son proba rotunda os seus carteis. É hora de darlles a volta a algúns costumes, mirar con curiosidade e pescudar nas súas inquietudes, nos recunchos do seu estudo.

Na súa casa-taller de Brión, que ten moito de insua, de espazo máxico, de cova de misterios e afectos, de paraíso, un séntese observado por obras e estudos previos, mentres que montañas de papeis e cartafolios con lombos anotados nos invitan a entrar e habitar o seu mundo.

Non desvelarei máis que unha primeira imaxe e unha certeza: é necesario deterse e revisar un traballo que queda oculto pola eficacia da obra final, funcional porque o seu autor enténdea pública. Basta con deterse a mirar sen complexos para que tomen entidade os traballos previos, o antes e o despois, o que sucede en torno a cada obra. Vizoso parte dunha investigación profunda, da que elixe os datos máis certos e mantén un respecto —extraño e limpo— ante aquel ao que se refire. As súas obras son homenaxes, pero ao mesmo tempo inclúen unha especie de silencios de taller, deixan ver os momentos de debate, a manualidade do proceso, as procuras, os camiños intermedios. Percíbese nos bosqueños dos carteis, nas colaxes das que parten algúns: en ocasións, procede como os escritores de outrora, unindo fragmentos de folio. Co tempo, o trazo pechado do debuxo —denso e narrativo— deixa paso ao baleiro e os resultados son máis líricos e enigmáticos.


Cando o teléfono era un aparello lugar fixo, os pintores facían garabatos sobre papeis, a mesa ou as paredes do estudo. Chamámololos os “debuxos de teléfono” e teñen unhas normas tan claras como as dos cadernos de viaxe. Vizoso engade unha variante: os debuxos de “parada e fonda”, unha interminable serie de apuntamentos de retrato, trazados case sempre entre conversacións, en cafés e restaurantes. Outro filón. Máis núcleos do Vizoso oculto: os bosqueños en papel previos ás esculturas, entre eles algúns admirables sobre Vidal Bolaño, que Vizoso garda dobrados e ensina despregándoos ante os nosos ollos, sen darlle transcendencia ao acto.

Non sigo, pero hai series, como *Alfareiros* (1979), nas que, xunto á arquitectura compositiva das imaxes, Vizoso dispón unha especie de “bodegóns pedagóxicos”!, no seu afán de que as imaxes expliquen o motivo: calendarios, cristais rotos, pequenos obxectos. Todo atopa o seu lugar, sen estridencias, dun modo natural. Os bosqueños delatan, con todo, a importancia que teñen eses detalles. Vizoso podería ser un excelente *facedor* para o Mestre Mateo, aínda que outras veces parece un personaxe dun conto de Giovanni Papini ou Augusto Monterroso. A súa obra é unha vidreira, un labirinto, e moitos son os camiños para perderse e gozar por ela.

Miguel Fernández-Cid









AGARIMOS PARA XOSÉ VIZOSO

A xenerosidade dun pobo radica nas súas xentes, tamén a intelixencia e a posibilidade dun futuro mellor.


Mondoñedo leva sendo xeneroso neste eido. Son múltiples as achegas que o noso pobo lle leva feito ao longo dos séculos á cultura galega e nacional, da man de grandes artistas, escritores, músicos, escultores... xentes ilustres que levaron o nome da nosa cidade polo mundo adiante e facendo que os veciños nos sintamos moi orgullosos e representados nos seus traballos pero, sobre todo, identificados cos seus éxitos.

Un exemplo desta riqueza é a obra de Xosé Vizoso; un mindoniense ilustre pola súa creatividade e pola calidade das súas obras, aglutinando así un extraordinario patrimonio que perdurará no tempo, que perdurará para sempre, así como o noso orgullo por ser un veciño noso.

É de xustiza recoñecer os méritos, o talento e a excepcionalidade das nosas xentes, con recoñecementos populares, sinceros e sentidos, pero tamén co recoñecemento institucional que proceda como é o caso, por iso me sinto profundamente satisfeita como alcaldesa da nosa cidade, de iniciar o expediente para a declaración de Xosé Vizoso como Fillo Predilecto e de que este recoñecemento sexa froito do consenso e da unanimidade de todas as forzas políticas, demostrando novamente que, nas cousas importantes, pensamos o mesmo.

Dicía o gran Álvaro Cunqueiro que Mondoñedo é “cidade de Galicia sonada polos bispos e polo cabalar da San Lucas. É rica en pan, en augas e en latín”, pero tamén é rica en arte. Por iso, remato desexando con profundo orgullo e dende o máis absoluto respecto, longa vida a Xosé Vizoso e á súa obra e longa vida a Mondoñedo e ás súas xentes.

Elena Candia
Alcaldesa de Mondoñedo



Aplicada á alta produción cultural, á máis nobre propaganda, ao cartelismo, ao deseño gráfico e industrial, á creación do obxecto único e belo e duradeiro para sempre, a arte de Xosé Vizoso é múltiple e, sen nos decatarmos nós ás veces, o seu xenio contrubuíu e contribúe de forma decisiva á formación da paisaxe visual do noso tempo. Non só Vizoso produce obras senlleiras ou modelos de obra serializábel. Tamén e, ao mesmo tempo, dita a sensibilidade e o estilo colectivo da época. De todas as obras de Vizoso, eu prefiro unha porque está chantada no máis duro lugar da memoria da miña xente.

Hai un monte e un castro chamado Furriolo que separa o val do Sorga, en Terra de Celanova, da chaira palustre da Limia. Naquela soidade de toxo e carqueixa os franquistas situaron un territorio de exterminio en 1936. Os presos no convento de Celanova, e outros, eran levados a aqueles planaltos inhóspitos para alí seren fusilados. O pobo, anónima e pertinazmente, foi gardando a lembranza e traspasando de pais a fillos o relato da ignominia. Non abundan en Galicia monumentos que perpetúen as vítimas do franquismo. Dos que existen e eu coñezo, o que máis me conmove a min, por razóns de pertenza e de biografía, é o monumento aos fusilados no Furriolo que ideou e executou Xosé Vizoso Fernández. Ao alto do Furriolo volvemos unha e outra vez e volveremos en canto teñamos un sopro de vida, para recordar, ao mesmo tempo, que admiramos a arte leal e límpida de Xosé Vizoso.

Vén, o artista maior que hoxe celebramos, das néboas de Mondoñedo, cidade que se une a Celanova e a Vilanova dos Infantes con puntos de sutura máxicos e que non son agora para ser evocados porque este non é o sitio. Si, momento para insistir, como outros farán sen dúbida neste mesmo curruncho dos agarimos, en que Vizoso é alguén que brilla na totalidade das artes plásticas. De natureza vital radicalista e inqueda, non forma parte dos que coñecen os usos e recursos da invención artística e que os poñen a render sen pensar que aí fóra hai un mundo onde os humanos sofren. Decía Castelao que, en canto artista, el non tiña vocación de estupefaciente. De tal xorne vén o home Xosé Vizoso e a arte que el aplica á transformación do mundo e tamén a fornecernos benestar e ledicia a todos. Galicia débelle a Vizoso estas e máis mil amosegas de agradecemento.

Unha aperta grande ao bo e xeneroso creador!

X. L. Méndez Ferrín
Vilanova dos Infantes

Coñecín a Vizoso cando eu era pequeno, no bar de meu pai, precisamente unha noite das San Lucas ao remate do pregón que daquela se celebraba no salón de actos do instituto. Naquel mesmo momento comezou a miña admiración polo artista. Admiración que medrou ao longo do tempo e, dende hai uns anos, vai acompañada pola amizade que nos une, froito das apaixonantes conversas que temos cando lle pido a elaboración dos carteis para cada edición das feiras, nas que eu lle expoño as ideas do programa e nas que el tamén me conta con gran paixón as súas lembranzas das feiras que viviu de neno, entregando todo o seu talento na elaboración, que é moito, e o seu amor polas nosas festas.

Vizoso ilustrou en numerosas ocasións os carteis das San Lucas e, co seu estilo inconfundible, achegoulles unha imaxe facilmente identificable, reflexo de máis de 860 anos de tradición popular, fundindo cultura, feira, festa, tradición, arte e historia nunha única imaxe.

O amigo Xosé Vizoso é un artista cunha obra moi extensa e dunha gran calidade, unicamente superada pola súa calidade humana, pola súa bondade e xenerosidade. É un mindoniense que sempre dixo si a calquera cousa que se lle pediu para Mondoñedo e, por suposto, para as feiras máis antigas de Galiza, As San Lucas.

Miguel Souto Cabana
Presidente da Asociación 'As San Lucas'

Dende a túa Fonte Vella: Inmensa Leducia

É o que nos causa a nova do teu nomeamento como Fillo Predilecto da Cidade de Mondoñedo. Esta ledicia vai da man dunha fonda admiración pola túa persoa e pola túa inxente obra na que queda plasmada con moita fermosura e singularidade o imaxinario da beleza que creas coa túa mente.

Unha mente privilexiada da que gozamos todos, mindonienses e non mindonienses, e que podemos percibir ao través das túas expresións artísticas, ben en formas ou en debuxos, coas que creas esa identidade que tanto te identifica, na nosa Galicia e fóra dela.

Queremos transmitirche o noso sincero e profundo agradecemento polos teus traballos e colaboracións que, sempre desinteresados, son unha mostra máis do teu desprendemento e xenerosidade que tiveches co noso Mondoñedo. Moitísimos parabéns. Agardamos que con este nomeamento chegue ao teu corazón, e alí perdure, o noso agarimo e o de todos os mindonienses.

Magdalena Domenech, Ánxel Díaz, Modesto Díaz, Orlando González, Víctor Vila, Elena Freire e Xusto Fernández (membros do goberno municipal de Mondoñedo, mandatos 2007-11 e 2011-15)



Alicia Puchades

A arte con raíces

Sen saír do obradoiro-biblioteca de Xosé Vizoso, na súa casa de Brión, facemos un percorrido polo mellor das últimas décadas de deseño, cartelería e ilustración en Galicia. Fálannos os seus esbozos e as maquetas das pezas máis populares de Sargadelos. Galos enfeitizados e cegos que tocan o violino, Sancho e Quixote, Rosalía, Otero e Castelao, as figuras do Pórtico da Gloria ou do xadrez máxico e a Mamasunción. Todas son fillas anónimas deste home, obras que nos fan sentir as voces ancestrais.

Dende as carpetas da súa mesa de traballo, axexan os retratos tabernarios de persoeiros que se lle puxeron diante, feitos en anacos de papel coa espontaneidade dun meniño mostachón. Fálannos os cartaces pintados coas crinas dos garraos e as cores vivas da esmorga de viño e augardente. E tamén as ilustracións innumerables, as cubertas dos libros e as pinturas. Os murais son berros de liberdade e as medallas, petrucios que mandan facer xa un documental sobre Vizoso.

Aser Álvarez



Ramón Castañeda

Así vexo eu a Vizoso

Unha persoa creativa ten moitos xeitos de expresarse artisticamente e se, como é o caso, nace cun lapis na man, parece máis previsible o seu destino.

Os da Mariña coñecemos de sobra a Vizoso dende a súa proxección sargadeliana cara a outras facetas da cultura, pero sobre todo como deseñador e ilustrador. Concellos como Cervo e Mondoñedo están ligados á súa obra, a difusión das súas feiras e festas van xunguidas durante o último terzo do século XX e comezos do XXI ao seu maxín. Ademais de admirar o seu traballo, lembro unha ilustración súa titulada *Autorretrato*, de 1990. Representa un home tocando a gaita rodeado dun horror vacui de flora e fauna colorista que me suxire unha iconografía moderna de San Francisco de Asís.

En fin, tanto a expresión absorta e tranquila do gaiteiro, coma o alegre colorido da composición, fan que este debuxo me pareza un xeito de definir a unha persoa ollando unha imaxe que non busca ningunha semellanza física ou realista, senón unha definición conceptual de alguén e así vexo eu a Vizoso.

Aurelia Balseiro
Directora do MPLugo




Direi Vizoso

Unha troita ou un salmón poñen milleiros de ovos sen que ninguén se decate mentres que a galiña, poñendo soamente un, faillo saber á aldea enteira ... Con este sinxelo exemplo describía Xosé Neira Vilas a inmensa produtividade artística de Vizoso e a súa natural discreción e humildade.

Non dubido que sería axeitado dicir “Artista” se houbera que definir de vez a Xosé Vizoso, pero tamén incompleto e mesmo inxusto. Naceu para as artes, está dotado, formado, exerce dende neno e representa a expresión perfecta da creatividade. Pero hai moito máis neste mindoniense universal, culto, de conversa amena, ollada intelixente e proverbial sentido do humor. Non é doado facer un retrato acabado en tan curto espazo, pero direi “Amigo”, pola súa inmensurable humanidade, sempre xeneroso e próximo no trato. Direi “Galego”, galego militante pero equilibrado, sen estridencias: auténtico. Direi “Memoria” porque xa está aí por mérito propio, polo que é, polo que fai, polo que fixo e polo moito que lle queda por facer.

Luís Reimóndez
Fundación Xosé Neira Vilas



Seica en Sargadelos, agora, van facer bolsos. En Sargadelos, en tempos, tamén fixeron bombas de canón e outros inventos infernais, así que por min como se fan encaixes de Camariñas ou lles dá por plantar sobreiras ó *tresbolillo*. Cada época ten o seu espírito, a alma que o define ou caracteriza. En tempos, Sargadelos estivo impregnado todo el do espírito de Antonio Ibáñez; seino ben porque novelei a súa biografía. Acabou como acabou. Logo pasou un tempo e un descendente seu alentou o remol que ese espírito deixara. Valeuse do da cerámica inglesa, ben é certo. Valeu durante un tempo; deseguido veu o esquecemento.


Iso foi ata que Isaac Díaz Pardo, que digo eu que debeu ser marqués de Sargadelos, e máis Luís Seoane, que tamén debeu ser conde de Orbaiceta, botaron andar de novo as vellas ilusións dándolles formas sen necesidade ningunha de traelas de Inglaterra ou de onde fose. Se Ibáñez levara a ramo o alarde técnico de facer o primeiro forno de coada continua da península, Isaac e Luís fixeron o de aplicar, por vez primeira, técnicas universais a formas de expresión propias, tanto e tan de nós que acabaron por ser enxebres. Acabou como acabou. O espírito que latexa nas máis de todas esas formas insufoullo ese demiúrigo oculto que está sempre detrás de toda creación e se chama Xosé Vizoso do que non sei se deberá ser marqués ou conde, pero de certo que é o espírito máis nobre e máis de nós que latexa nas máis das creacións de Sargadelos. É o espírito da Terra, da Nosa Terra. Tradución: tres creadores distintos e unha soa expresión formal. Grazas lle sexan dadas a Pepe Vizoso por ser un deles.

Alfredo Conde

Vizoso: mestre artesán das formas e cores

Ten a maxia do artista: os seus ollos peneiran as cores coma o arco iris na chuva; as súas mans modelan coa arte dos vellos oleiros. Naceu en Mondoñedo entre a Fonte Vella e o barrio dos Muíños. Na Fonte Vella fíxose neno, forte, para encarar a vida. Nos Muíños agromou o artista vendo os artesáns: oleiros, ferreiros, muiñeiros... alí aprendeu formas, volumes, liñas: pura arte de séculos. Nas *Mocedades de Ulises*, Cunqueiro dinos dun oleiro «se ponía a formar un jarro gallo, y la cresta, en vez de ponérsela de cinco puntas, se la ponía de una, fállica, y la alargaba riendo hasta las rodillas de la danzante o más arriba». Maxia e creatividade. Pero Mondoñedo deulle máis. Impresionoulle a *Degolacion dos santos inocentes* e fixo súas as cores do sufrimento: vermellas, negras... o horror, a morte. Hai figuras de Sargadelos que levan o selo destas pinturas. Encamiñado polo saber de Puchades, modulouse como artista. Marchou co fardelo cheo de arte popular e rebrillou Sargadelos. Pero el foi máis aló: os carteis de festas e romarías son un prodixio de arte pictórica popular galega: labregos, gando, gaiteiros, mariñeiros... As San Lucas foron unha boa escola. Vizoso é o Toulouse Lautrec galego, pero sen coxeira, mellor mozo e pulso. A xenética.

Antón Meilán



Empezo a escribir estas liñas cando apenas coñezo persoalmente a Xosé Vizoso e, aínda así, co medo de non estar á altura ouso transmitirlle os meus máis sinceros parabéns por esta distinción tan merecida.

A única vez que coincidín co artista foi no acto de agradecemento polos 50 anos de colaboración como debuxante e ilustrador das feiras e festas das San Lucas, non nos presentaron formalmente e tan só cruzamos unhas palabras no momento da colocación para foto de grupo do I Premio Literario Mondoñedo¹⁰.

Pero non caben só as anécdotas, debo recorrer tamén aos argumentos, xa que o conxunto de toda a obra creativa fai de Xosé Vizoso un verdadeiro referente da cultura galega, e toda esa xenialidade permítelle tamén agrandar a Mondoñedo o seu patrimonio cultural que nos honra e identifica como pobo.

O Rapaz que non puido estudar Belas Artes converteuse nun artista recoñecido, non deixes de estimular co teu traballo o mundo da nosa imaxinación.

Eloi Cabanas Ramos

Portavoz do grupo municipal do BNG no Concello de Mondoñedo

A admiración polo artista e a amizade de hai xa moitos anos que manteño coa persoa fan que non sexa quen de atopar as palabras máis axeitadas para describir o traballo de Xosé Vizoso, un ilustrador, un deseñador, un artista, un veciño, un amigo... Por iso, cando me encargaron este escrito, recuperei unha entrevista que lle fixemos na *Altamira*, a revista municipal máis lonxeva de Galicia, para que fosen as súas palabras as que definisen o seu traballo: “Fago o que me gusta, que xa é bastante”.

E se un ve a obra de Vizoso, está claro que lle presta o que fai. Os seus carteis da Romaría de Santa Minia case se teñen convertido nun elemento máis da nosa gran festa, como sei que acontece en Mondoñedo coas San Lucas. De feito son agardados case coa mesma devoción que a santa levanta entre os devotos ou que o polbo esperta entre os romeiros. E iso é porque os seus deseños, as súas cores, as súas letras, as súas figuras... son quen de recoller a esencia da nosa Santa Minia, ao tempo que manteñen as características propias dun cartel de Vizoso. Isto é así porque, como el mesmo recoñece, “este é un traballo que require moito estudo e esforzo. Hai que documentarse. Deseñar non é algo que xurda por ciencia infusa, nin existen musas, nin inspiración. Para conseguir o que se quere hai que esforzarse”. Un esforzo que considero que en ocasións non foi o suficientemente recoñecido pola sociedade galega, en especial o seu labor como deseñador do Grupo Sargadelos, canda Isaac Díaz Pardo, outro grande.

Pero, como alcalde de Brión, hoxe quero reivindicar unha faceta de Vizoso que de seguro poucos coñeces: a de veciño. A dunha persoa sempre disposta a colaborar, fonte de ideas e iniciativas. Vizoso é xa un sinal de identidade para Brión. Seus son os carteis de Santa Minia, súa é unha litografía coa que agasallamos os nosos visitantes, seu é o deseño da escultura homenaxe a outro ilustre veciño, Roberto Vidal Bolaño... Sempre disposto a axudar, sempre disposto a traballar pola cultura e por Galicia.

“Ogallá en Galicia houbera máis Díaz Pardos”, dicía Vizoso na *Revista Altamira*. Ogallá houbera máis Vizosos, dicimos en Brión.

José Luís García
Alcalde de Brión

De Pepe, sobran as presentacións. Veciño de Brión dende hai 25 anos, o seu carácter afable, o trato xentil e sinxelo co que se relaciona cos demais, convérteno nunha persoa que axiña gaña a simpatía de quen o coñece. Non é de estrañar que a fundación Eduardo Pondal lle concedera un premio “Bo e Xeneroso” (dúas palabras que tan ben o definen).

Porque Xosé Vizoso, ademais de persoa traballadora, nobre, altruísta, leal e valente, tamén é destacada figura da nosa cultura. Ceramista, ilustrador, deseñador, pintor... artista en definitiva, Vizoso naceu cun lapis na man.

De todos é sabido que Vizoso é un gran creador, ilustre veciño e mellor persoa; que tanto está a facer pola vida cultural de Brión. Recoñecidas achegas súas son o busto de Vidal Bolaño da carballeira, os carteis da Romaría de Santa Minia ou as ilustracións do libro *Brión en fotos*. Sen esquecer a súa desinteresada colaboración en moitas iniciativas culturais organizadas polas asociacións ou a Casa da Cultura.

Por iso, amigo Pepe, quero aproveitar esta oportunidade para darche publicamente as grazas e dicirte que en Brión tes tamén a túa familia de amigos, onde a xente te aprecia e te quere.

Alberto Álvarez Escudero
Técnico de Cultura do Concello de Brión

Vizoso, Brión e Santa Minia

Coñecín persoalmente a Xosé Vizoso traballando con Díaz Pardo, pero xa sabía dende antes da súa obra, como deseñador, debuxante e ilustrador.

Agora vive en Brión, a medio camiño de Santiago e Noia. Terra famosa no pasado polas torres de Altamira, e dende 1848, por ser aquí onde se veneran os restos de Santa Minia, da que aos poucos anos xa se dicía que era unha das romarías máis concorridas de Galicia. O 27 de setembro a carballeira de Pedrouzos convértese nun ferreiroiro de xente: ofrecidos, vendedores, mendigos ... e taberneiros que non dan abasto a encher cuncas de viño e a poñer racións de polbo, churrasco e empanada. E Vizoso dende hai anos vén sendo o gran pregoeiro, que capta nos seus carteis de xeito maxistral este ambiente colorista e festivo.

Sen esquecerse do seu Mondoñedo natal, xa é un brionés máis, non só por vivir aquí, senón pola súa bonhomía e solícita disposición a participar en cantos eventos se organizan relacionados coa arte.

Clodio González Pérez

Académico correspondente da Real Academia Galega

Vizoso, un artista moi importante...

Sempre é difícil enfrontarse a un folio en branco e escribir. Pero se cadra é moito máis difícil facelo para falar de alguén a quen admiras e a quen aprecias. Lembro perfectamente a primeira vez que vin a Vizoso, foi no Restaurante Padornelo. Eu entrei con meu pai da man.

—Home, Vizoso —saudouno meu pai e fundíronse nun longo abrazo.

—Orlando, que tal? canto tempo? como che vai por aquí?

—Este señor é debuxante, traballa en Sargadelos —apurouse a explicarme—. Mira, é tan bo que é capaz de debuxar a silueta da túa cara nunha *servilleta* de papel.

Eu quedei calada, estaba abraiada mirando aquel home tan alto que fumaba e sorría burlón con aquel mostacho tan grande. Sergio, o dono do bar que estaba detrás da barra, apresurouse a ensinarnos dous panos de mesa que tiña debuxados por Vizoso.

—Mira, eu teño dous retratos que fixo el; un é o meu e o outro é o da miña muller —explicoume.

E volveu a gardar os dous panos de mesa coma dúas reliquias entre as botellas do estante.

Meu pai e mais el quedaron falando, sorrindo, lembrando na barra do bar, mentres eu seguía observando aquel home tan alto e tan forte, e chamábame a atención como aquel tan grande era capaz de debuxar en panos de mesa tan pequenos.

Cando se despediron, meu pai confesoume que Vizoso era un artista, unha persoa moi importante que quería moito a Mondoñedo e que traballaba en Sargadelos, un lugar onde traballaba xente moi brillante.

—Vizoso é o que fai cada ano os carteis das Feiras das San Lucas —dicíame todo orgulloso do seu amigo. E cada vez que viamos un cartel enseguida o lembraba— Ese é o cartel de meu amigo Vizoso —sinala sorrindo.

E agora cada vez que vexo a Vizoso e, cada vez que vexo os carteis das San Lucas, lémbrome daqueles anos, dos debuxos nos panos de papel, das charlas, dos bares, dos amigos, e de meu pai...

Pero, sobre todo non esquezo o que me dixeron na casa:

—Vizoso é un artista moi importante que quere moito a Mondoñedo...

Esperanza González Martín

Portavoz do grupo municipal do PSOE no Concello de Mondoñedo

Rapaces da Fonte Vella

O amigo Vizoso, que é máis ou menos da miña idade, naceu no barrio mindoniense da Fonte Vella, pero tardei en sabelo. Cando estaba no seminario da cidade, os únicos Vizosos que coñecín eran do Valadouro ou da *rasa* cantábrica.

Tempo andado, tiven a fortuna de o coñecer persoalmente. Foi en Sargadelos, canda o mestre Isaac Díaz-Pardo, quen descansaba dalgúns dos seus moitos traballos artísticos no ombreiro daquel rapaz moreno e esguío, de sorriso pronto, que falaba co lapis.


Amigo de rexoubar, acabou por ser un guía experimentado do Mondoñedo que eu habitara pero que, encerrado nos muros do seminario, non chegara a sentir e menos a coñecer.

Naquelas rexoubas de temática mindoniense, acabamos por falar dunha rapaza loira, tamén da Fonte Vella, que paseaba de cotío por fronte do seminario, na bici ou acompañada dun can. Aquela imaxe fuxidía fixera bulir moitos corazóns dos seminaristas, ata o punto que un deles, natural de Ferrolterra, contouno no xornal *Trapezio* dunha forma sibilina, propia dun *roman-à-clef*.

Vizoso, ademais de discípulo de Isaac, resultou ser amigo de infancia daquela rapaza. Amigo dun dos nosos “tesouros imaxinarios”. Foi ben saber daquel tesouro de extramuros, aínda que as súas palabras acabasen por desencantar a nosa particular Dulcinea. Pero o desencanto xa lle foi perdoado.

Ramón Villares

Presidente do Consello da Cultura Galega



O soño de Xosé Vizoso

A lúa nova ilumina o xardín coa súa claridade fantasmal. Tras a vidreira, un home debuxa sobre unha mesa. De cando en vez ergue o corpo, alenta fondo e, mentres contempla os deseños que coma un milagre van xurdindo da súa man, cofea o varudo mostacho.

Esmorece o lume no lar. Na alta noite, rendido pola canseira, pousa a testa sobre a mesa e fecha os ollos. E sucedeu que, a un sinal do seu gato Cerís, vestido de capa e sombreiro de plumas, as figuras todas dos estantes cobran vida: o mariñeiro, a garrida labrega, o feirante, o eivado coutando do cego, a costureira, o gaitero. Óese entón un ledro compás, soa o pandeiro, fórmase a roda e iníciase a danza tomando Cerís pola man a xentil Colombina ...

Un arreguizo de frío esperta o durminte e crébase o engado. Érguese bocexando e colle cara á cociña. Corta unha rebanda de pan e púsalle enriba un torrisco. Cando se lle achegou Cerís na procura dun aloumiño soubo que xa nunca máis podería miralo da mesma maneira.

Juan Andrés Fernández Castro

Un home bo e xeneroso:

Xosé Vizoso.

Dous mentores de excepción:

Juan Puchades e

Isaac Díaz Pardo.

Del dixeron que tiña
espontaneidade no trazo.

A rúa que o veu nacer
hoxe leva o nome do Gran Fabulador;
e como si de un presaxio se tratase
el fabula coas cores,
el fabula coas formas.

E nós somerxémonos na súa obra
e vemos a autenticidade feita debuxo.

Chus Amieiro



“A arte do pasado non existe. Perdeu a súa autoridade... Unha linguaxe de imaxes ocupou o seu lugar. O que agora importa é quen usa esa linguaxe e para que. Cando estamos illados do noso pasado temos menos liberdade para decidir ou actuar que se fosemos quen de nos situar nós mesmos na historia. Por iso toda arte do pasado converteuse nunha cuestión política”.

(J.Berger)

A X. VIZOSO:

SEMPRE NOS GUSTOU VERTE COMO VIVES NUN ANACO DA VIDA QUE CHE GUSTARÍA. NESE SOÑO. NESE DESEXO. NESE CAMIÑO. E NON É DOADO. PERO DESFRUTAS DO EXCITANTE. DAS LIÑAS CON VOLUME QUE CONSTRÚEN. DAS COLORES QUE MANTEÑEN. DAS IDEAS QUE SOSTEÑEN. AS MANS CREATIVAS QUE NON PARAN. VELAÍ FORMAS E CONTIDOS. ESA DEFINICIÓN. ESA IDENTIDADE QUE CHEGA LONXE. PERO A EL BÁSTALLE QUE QUEDE POR CERCA. QUE NOS FALE POR SI. E QUE NÓS FALEMOS. QUE NOS ABRACE. E NON PARA NESA TEIMA. NON LLE DÁ A GANA. PÉTALLE. E RESPIRA. SORRÍ. A SÚA HUMANIDADE DE HUMANISTA BOTA POR FÓRA. ESE SENTIDO COMÚN (O SÉTIMO). E QUERE A CASA QUE QUERE QUERER. O TRABALLO QUE QUERE QUERER. ESA MIRADA LIMPA QUE VE POBO. ESE MODO DE VER. CONCIENCIA DE QUEN SOMOS. VISIBLE ESCRITURA. INTUICIÓN FERMOUSA. ASEMADE ESCOITA INMEDIBLE DE ISAAC DAS HORTAS DE COMPOSTELA. SAN MARCOS. O CASTRO. CERVO. CANTA PUREZA. TANTA COUSA. E TODO VAI DE NÓS A NÓS. QUE PARA NÓS É MOI BOA COUSA. REMUÍÑO FEITO VIDA. QUENLLA DE VIDAS. TI... XOSÉ VIZOSO. A TI... COS TEUS MOMENTOS. COMPASES E MOVEMENTOS. COAS TÚAS PAUSAS. COS TEUS TEMPOS. CASANDO CON ATINO O TRABALLO COA LIBERDADE. CÁESNOS MOI BEN. RESPECTÁMOSTE. QUERÉMOSTE.

David Otero, escritor. (desde as terras de Tabeirós, a primeiros do MMXVII, logo do primeiro ano Manuel María)

Para Xosé Vizoso
LETRA I

IRIS

Iris é unha palabra que soa a seda e a mar en calma.

É o arco que se forma no ceo cando se xuntan sol e chuvia .

É unha bolboreta que vive nos chopos e nos salgueiros.

É un pó oloroso.

É unha pedra preciosa.

Iris é un anel de color que abre ou pecha nos ollos o paso da luz. Se ollas moi de preto a unha persoa, podes ficar preso nese anel misterioso, que palpita como un corazón.

Iris é un nome de muller.

Marina Mayoral, “ Letra I: Iris “, fragmento de *Abecedario*




David Pintor

Meu amigo Xosé:

Canto me alegro de que ao fin chegase para ti esta ben merecida homenaxe! De súpeto veñen á mente tantos recordos! De novos deixamos a mesma cidade. Convidounos a vida a camiñar polo mundo para asentar moitos anos á beira do Xunco e na praza do Souto, de xente ateigada, compartimos momentos coas meigas, co bruxo e tamén co castrón naquelas queimadas onde se trouleaba ata o novo día cando non se agardaba a que saíra de novo o sol.

Sempre tiveren a honra a nosa amizade e aínda que, xa todo o mundo o sabe, nesta homenaxe, ademais de premiar a túa obra e o teu talento, tamén agradecemos a túa inmensa xenerosidade e a boa disposición para colaborar cos eventos promovidos por colectivos culturais ou para resolver problemas persoais como a min me sucedeu cando me encargaron pintar o muro exterior do campo de fútbol da Marosa, en Burela, onde debía rotular a publicidade de cervexas *El león* e *Augas de Mondariz*. Todo foi ben, mais a cabeza do león meteume tal medo que busquei en ti o santo remedio. Moi agradecido

Xosé Manuel Glez-Copa



Parabéns, meu rei!

De Mondoñedo a Melide o vento sabe o camiño no que se falan e escoitan novas de cousas boas, das que lles enchen o peito aos homes que ben recordan, con agarimo e Leticia os amigos que tanto estiman e dos que se senten orgullosos de conservar a súa amizade como a min me sucede con Xosé Vizoso, a quen quero de verdade. Moito me aledo, Xosé, desta merecida homenaxe. Agardo que te deixes querer porque, ademais dos presentes, ese día irán contigo todos os seres queridos e no medio dos ausentes tamén estará o noso Isaac, vestido con aquel traxe que tanto caro custou facerllo e tomarlle as medidas cando ti en Sargadelos rotulabas o letreiro para darlle ao rei a benvida no día da inauguración de Alúmina- Aluminio, a grandiosa factoría.

Isaac sempre foi un adiantado ao seu tempo por iso estes días baixou do ceo montado no teu burro americano e levou a chombra. Seica está reformando o teu letreiro de benvida. Eu xa fisguei e pon: parabéns, meu rei! Ti, déixao. Que siga.

Jesús Gómez Lareo

Un conto en cores

Quixera contar un conto en cores. Para un país de toldos griseiros. Quixera falar de quen tal o pintou, tantas veces anónimo. De quen deconstruíu paisaxes e tornou pasados en futuros. Quixera, neste poemiña en prosa, expresar, escribir de novo, o enceto daquela vella historia: “Algúns seres humanos fan por nós, eles sós, o que dúceas ou centos non son quen”.

Fértil, virtuoso, hábil, vizoso. O magnífico cartelista, que definiu Isaac, agasalloume un espontáneo 19 de xaneiro de 2016, na súa casa de Brión, cunha reprodución dunha das súas obras de arte, onde se celebraba o centenario dos “troianos”. Téñoa ao meu carón. Unha década antes, cando aínda latexaba o IGI no San Marcos de Compostela, trazou axiña para a nosa editorial un retrato fiel da poeta María Mariño da que este 2017 lembraremos, por certo, o medio século do seu temperán pasamento.

Vizoso: quixera agradecer con palabras. E con feitos. Proxectos, ilusións e arte que deixaches en capas, cartaces, cerámicas... E nos que seguirás pousando saber.

Quero contar un conto en cores. É doado contigo. Pintar o mellor do país. Un país mellor. Malia todo.

Henrique Alvarellos

Editor, escritor e xornalista. Director de Alvarellos Editora



Xaquín Marín


Xosé Vizoso: O Encantador do Reino da Chuvia

Conmóveme a súa capacidade para converter castiñeiros e carballos nesas figuras máxicas que recrean os seus carteis. É coma se desde o Reino da Chuvia o nomeasen cónsul de fragas e soutos para anunciar a boa nova doutra queimada en Cervo ou a cita para as feiras de San Lucas.

Os seus humanoides mírannos, non importa onde esteamos. Unha veces desde o azul da queimada, na súa cocción para ser beberaxe contra trasgos, demos e meigas. Outras veces, cos seus derivados do vermello, recordando que debemos renderlle reverencias ao animal lume, con historias e cánticos propios para a cidade de Merlín, rica en augas, pan e latín.

Quen é Vizoso? Un personaxe no horto de Chove-E-Fai-Sol. Paladín do mundo figurativo, capaz de encantar a xentes de aquí ou de alá. Trasnó “anónimo”, herdeiro de todas as ánimas que conforman a eterna procesión que desde Os Remedios baixa pola rúa do Bispo Sarmiento ata a Catedral facendo soar a vella-nova Paula, espertando as sombras daqueles alumnos de Santa Catarina, que entoaban salmos, mentres algunha costureiriña namorada os contempla desde a súa galería de madeira.

Pablo Mosquera *Bígaro*



Celso Dourado

Nas San Lucas

Cheo de anazcar castañas
Amenceu en Mondoñedo.
Ó lombo coa pota de cobre
Un albardón ben recheo
E as dobras dos caxigos
Xa nos cangan de aparello.
Esgotaremos “As Maulas”
Despois do día “Do Medio”
Amoreados de trabitas
E virutas dun zoqueiro.
Non quero eu que nos albisque
(Despois de tanto trafego
Aguantando nas molladuras)
O “Rosendo de Padornelo”.

Pepe de Noriega

A Vizoso, amigo

Pintaches a cor dos trilos
no corazón das olladas,
do regato o rechouchío...
As auxías da seara,
o bambán dun gran de millo
na airexa dunha orballada...
No faio dun raioliño
os cantos dunha niñada...
No corazón dos amigos,
un carabelo de nanas
cantadas de cor mainiño
co pincel dunha luzada...
Meu cantador de suspiros,
grazas por quentarme a ollada!

Paco Rivas



J. Pedro Gómez

X - xeneroso

O - observador

S - senlleiro

E - enxeñoso

V - verdadeiro

I - inconfundible

Z – zanguero (bromista)

O - optimista

S - sebardoso

O - orgulloso de seu

Grazas pola túa xenerosidade e compromiso con Mondoñedo e con Galiza. Apertas de quen se considera teu amigo, con motivo da merecida homenaxe e nomeamento de Fillo Predilecto.

Xusto Fernández Haro



Xurxo Martínez

Pintor de soños

Ardente fabulador que todo expresa en trazos
como ofrenda permanente da luminosa beleza.
Aquela singular e única, que nace tras duns ollos
que latexan soños, conmovidos no branco lenzo.
Retratista que pule a sinxeleza en mil vontades
silandeiras e ocultas, que transgreden o delicado matiz
dun perfil en arrebatado insólito, capaz de chamarnos
a esa vangarda fértil no que se envolve a Patria.
E chama á loita pola vida, por defender a luz,
a perspectiva da dignidade que en nós se recoñece
e en posesión describe, nun só risco, a exactitude
estremecida das cores. Pois son o pouso expresivo
daquel relato do mundo, no alén da nosa fantasía,
que nos levarán a ser donos de nós, do Noso Pobo,
...nesta única paisaxe.

Baldomero Iglesias Dobarrio. Mero.

Esplendoroso Vizoso

Coñecín o homenaxeado nos primeiros 1990. Daquela eu vivía en Madrid e estaba empezando a recuperar a miña terra. Cando viña a ela, case sempre facía dúas paradas. A primeira en Rueda para amorear algo de Ribera del Duero e, a segunda, en Benavente para axustar algún año ou un anaco de carneiro que metía no coche e xa non paraba ata á casa de Bea e Vizoso en Brión, onde había un excelente forno que Xosé quentaba con leña de carballo.

O anfitrión era un sabio en asar a carne usando herbas aromáticas que lle daban inesquecibles sabores a aqueles banquetes pantagruélicos, intercalados e seguidos por longas horas de conversa que non sempre estaba exenta das retesías de rigor. Nunca nos daba por amañar o mundo, pero eramos abondo atrevidos como para cantar as corenta por conta das moitas andrómenas que o mundo sempre dá.


Moito lembro agora aqueles tempos que me serviron para coñecer a quen é, antes de nada, unha boa persoa e logo un artista e un home do seu tempo, digno da mellor loa. Esplendoroso Vizoso, valla a redundancia.

Perfecto Conde

Ilustración da páx. 58 do disco-libro *Desconhecido* de Berlai (Axóuxere, 2016)

Os deseños de Vizoso forman parte dende hai xa tempo da memoria colectiva (visual e afectiva) de todos os mindonienses, constituíndo un referente claro na miña formación artística temperá. A súa obra conseguiu converterse por méritos propios nun elemento máis da nosa paisaxe: unha árbore, “vizosa”, que afonda as súas raíces na terra e desprega as súas pólas ao ceo, ofrecéndonos xenerosamente as súas follas, flores e froitos a todos os que pasamos ao seu carón. Na miña primeira obra como ilustrador quixen deixar constancia deste sentir e facerlle case en segredo (por fortuna agora xa non tanto) unha pequena homenaxe a Vizoso, debuxando pegado nunha marquesiña e deteriorado polo tempo á intemperie, o seu cartel das San Lucas de 2010 (páxs. 54, 55 e 58).

Ernesto González Torterolo



VIZOSO.- Mozo? Achega aquí
O MOZO.- É un retrato meu?
VIZOSO.- Algo parécese
O MOZO.- Son eu, idéntico, calcado, perfecto, coa miña enrugada, cos meus fociños ... Como o fai?
VIZOSO.-Facéndoo
O MOZO.- Permíteme?
VIZOSO.- Doucho para sempre
O MOZO.- Moi amable, pero eu...
VIZOSO.-É só unha servilleta
O MOZO.- Nin tempo dou a que me serviran un viño
VIZOSO.- Pide outro para os desta mesa, para ir facendo boca

E ri, coma se fose calquera cousa. O mozo saúdao admirado e garda o debuxo como ouro en pano. O noso Vizoso é afable e aparentemente simple pero nos adentros está a memoria prodixiosa, a retransca fina, cunqueiriana e mindoniense, que sempre colle a un co pé cambiado.

Castelao deixou escrito: "Un piorno que polas súas rendixas amosra samente o ceo di moito máis da fame dun ano que un artículo de fondo".


Máis tarde foi Luís Seoane quen dixo que a arte galega a través da historia se distingue por unha case total liberdade técnica e colorista, pola inxenuidade, pola frescura e unha grande expresividade nas formas e nos ritmos.

Lucho Penabade



Xoán Piñón

Supracalvo de xaneiro do 2017.



Carta a izoso, aparentemente "laquima total"
Queido amigo: Hoxe estas
como novo do tinguete,
apabullado, pois es o fillo
peddecto & deseado de Mondónes
con mantido xantar, con aplausos piropeados,
e loubadaamente recibidos. Todos os que
aqui estamos, fórmeste polas nubes, e a
altura de Raulfo e Terenciopito. Sobre ti dicase
de falcunias verdades e roberanas fontecias.
Canto aqueita o medio... pois esta a caer
nunha esultura de cecepo prezente de uenza
merced, diante da catedral e espreite da
de A. Ceasqueiro, feita de amueidos "y cabelo
de angel"... Que se jordan Melbu el
Tarapalleiro y Tel Carlitos o Rey das Tactas.
!! Que listos romos, e canto nos queceamos!!!
Gora Cabión. Facio Festara!



Vizoso de Sargadelos

Coñezo a Vizoso desde o ano 1979, cando comezou a traballar en Sargadelos, sendo el un mestre consagrado e eu un aprendiz ao que colocaron ao seu carón para tratar de aprender da súa sabedoría artística e profesional. Desde entón, Vizoso é para min un referente.

A súa obra en Sargadelos é inmensa, cada forma, cada figura, debuxo, decorado, etc. que el deseñou, ten unha historia detrás, cada unha delas fala, eu diría que son inmortais porque teñen orixe e un fondo significado, froito de rigorosas investigacións previas, extraídas de fontes cultas, populares, mitolóxicas... O resultado son pezas únicas e recoñecibles, o que lle outorga a Sargadelos unha singularidade especial. Se Sargadelos fose un tallo de tres pés, un deles sería Seoane, outro Díaz Pardo e o terceiro Xosé Vizoso, pois, na miña opinión, estes tres persoeiros son os autores e responsables principais de que o Laboratorio de Formas conformase a 5º etapa.

Como sería a arte de Xosé Vizoso sen Sargadelos e como sería o Sargadelos moderno sen a arte de Xosé Vizoso? Amigo e compañeiro, Xosé, deséxoches saúde e forzas para continuar a túa obra e que esta nos siga emocionando e recreando a vista a todos.

pepeblanco



Baldo Ramos



Vizoso: Home bo e xeneroso

Das súas mans saíron decenas de ilustracións e portadas de libros, centos de debuxos e prototipos de pezas de porcelana, un montón de carteis e debuxos, proxectos de murais, pinturas, toda unha inxente obra plástica, persoal e auténtica.

Vizoso é un dos mais sobresaíntes deseñadores industriais de Galicia de amplo recoñecemento, que traballou en prol dun discurso plástico contemporáneo, guiado por quen foi a alma mater do deseño de Sargadelos, pero cun marcado estilo persoal, que axudou a construír a identidade de Galicia e a crear memoria.

Eu coñecín a Vizoso polas San Lucas de 1967, entón, creo que da man de Puchades se fixo unha exposición colectiva ou concurso, non me lembro ben, no Casino de Mondoñedo onde os dous participamos, eramos dous rapaces, el uns anos maior ca min, volvemos coincidir no verán do 1975 en Sargadelos.

Un día falándolle de que eu vivira en Mondoñedo, concretamente estivera no Seminario de Santa Catalina, fíxome este comentario “Meu pai encheume a hostias moitas veces pero teño que agradecerlle que nunca me mandara para o Seminario.”

Alá polo inverno do 1976 estando bolsados en Sargadelos Marcos Hernando, hoxe profesor de Belas Artes en Bilbao e a súa compañeira daquela, Agnes Braque, tamén docente hoxe en día na Escola de Artes e Oficios de Lleida, xurdiu a convocatoria dun dos concursos que tiveron máis sona no mundo do muralismo cerámico. Tratábase de presentar proxectos para elaborar unha ducia de murais para situar nas áreas de descanso da autopista Zaragoza-Barcelona e decidimos presentarnos os catro: Marcos Hernando, Agnes Braque, Vizoso e eu. Os traballos fixémoslos por separado pero o final da presentación viñémola facer durante dous días á casa de meus pais en Nois. Era un día ao anoitecer cando miña nai viña de muxir as vacas e ofreceunos a todos unha cunca de leite quente, escumoso, acabado de muxir do ubre da marela. Marcos e Agnes aceptaron encantados pero Vizoso díxolle a miña nai: “Señora Anxela si tivera por aí un grollo de viño eu preferíao ao leite!”

Esta sinxela anécdota aínda é hoxe recordada por miña nai que xa ten 87 anos, e cando se fala de Vizoso ela solta aquel que quería mellor viño que o leite.

E de ben nacidos ser agradecidos, di o popular refrán, e un pobo é mellor se recoñece a xente que veu nacer ou que viviu nel e fixo unha obra merecente de recordar e eloxiar; e se ademais a persoa recoñecida e homenaxeada é como Vizoso, un home bo e xeneroso, moito mellor.

Otero Regal

Xosé Vizoso, a imaxe da marca Mondoñedo

Cando un escritor ou un grupo non gustan, unha expresión que se adoita pronunciar é que os libros ou os discos son todos iguais, como se a falta de uniformidade resultase a cuestión pola que outros artistas si suscitan o noso interese e a nosa admiración. O que non se di tanto é que moitas veces sentimos unha certa desilusión cando o escritor ou os músicos deciden explorar novos camiños e non fan o que acostumaban.


Vendo os carteis que Xosé Vizoso leva deseñado para tantos acontecementos (e ao arriba asinante, mindoniense como o artista, os das San Lucas case de inmediato lle veñen á cabeza e case aos ollos), calquera podería dicir que son iguais ou moi semellantes. Supoño que non lle faltaría razón; pero eu vexo aí, xustamente, o que non todos dan conseguido, nada máis e nada menos ca un estilo propio.

Os expertos en arte en xeral e en cartelismo en particular poderán atopar pegadas da súa longa estadía en Sargadelos ou do maxisterio de Isaac Díaz Pardo e de Luis Seoane. Pero sabendo que Vizoso é mindoniense, tamén se pode dicir que elevou, coa gran riqueza de cores empregada, o outono de Mondoñedo (tan fermoso, por exemplo, na fraga de Rioseco) a niveis que acadaría o mellor pintor impresionista.

Hai, porén, algo que o noso Xosé Vizoso ten feito ao longo de todos estes anos. As San Lucas, tan incomparables no seu ambiente, están en cabeza de calquera feira ou festa galega pola calidade dos seus carteis. Se son un dos alicerces nos que basear a promoción turística de Mondoñedo, poucas tarxetas de presentación poderán mellorar a que se consiga amosando as creacións do noso artista.

Xosé Vizoso, xa que logo, non só ilustra As San Lucas senón que é o creador da marca Mondoñedo. Por tanto talento combinado con tanto amor, grazas, grazas, grazas.

Xosé María Palacios



Pancho Lapeña

Xosé Vizoso, ilustrador dunha Terra negada

Desde inicios da década dos 80 frecuentaba co meu pai a Galería Sargadelos de Madrid, a miña cidade natal. Naquela galería o nacionalismo galego asentado na capital española, caso da Agrupación Cultural Lóstrego, da que facía parte activamente o meu finado pai, desenvolvía actos (conferencias, debates, exposicións...).

Os libros de 'Ediciós do Castro' foron parte daqueles cos que eu me formei, particularmente no referido á historia da Galiza. Esa que durante catro décadas o franquismo invisibilizara...

A finais dos 90, pouco tempo despois de me asentar na Terra dos meus devanceiros galegos, coñecín a Isaac Díaz Pardo, no mesmo tempo no que coñecín a Avelino Pousa Antelo, Xaime Illa Couto, Francisco Fernández del Riego ou Rufo Pérez. Tempos nos que comezaba coas miñas pescudas, centradas na historia do nacionalismo galego no tempo republicano.

Xosé Vizoso

Ao coñecer a Isaac Díaz Pardo puiden coñecer, de primeira man, o proceso que dera lugar no 1963 ao Laboratorio de Formas de Galiza ou Sargadelos, en canto grupo, desde o inicio da etapa que arrancaba no 1949, así como as 'Ediciós do Castro'. Un proceso no que foi central a ligazón e traballo en común entre Díaz Pardo e Luís Seoane. Proceso no que o ilustrador e deseñador Xosé Vizoso tamén tivo un destacado relevo anos despois, quer no ámbito editorial, quer na creación cerámica.

A Seoane eu non o coñecín, finado no 1979, mais si a Xosé Vizoso. Foi na primavera do 2005, no Instituto Galego de Información (IGI) e da man do propio Isaac Díaz Pardo. Coñecía, por fin, a quen dera lugar á maior parte das capas da serie editorial 'Documentos' de 'Ediciós do Castro'. Deseñador e ilustrador de cartaces desde 1970, sería quen lle poría faciana, a partir da devandita colección, a toda aquela historia invisibilizada, negada; a historia, en definitiva, da Galiza que quixo ser dona de si e represaliada, duramente, por este motivo... Dando lugar Vizoso, así mesmo, a novos deseños cerámicos para Sargadelos, ampliando a súa creatividade a novas manifestacións artísticas.

Unhas e outras manifestacións, en todo caso, centradas en pórlle luz, con absoluta modestia e grandísimo acerto, á nosa Terra, a partir da súa historia e identidade. Impagábel contributo que aquí quero recoñecer, con todo o meu agarimo e sincero afecto.

Uxío-Breogán Diéguez Cequiel
Universidade da Coruña

Souben de Xosé Vizoso, hai xa unha chea de anos, polo noso común e entrañable amigo Berio Quiroga que me axudou a ver algúns dos proxectos nos que os dous andaban traballando, cada un dende o seu espazo, naturalmente. E coñecín o home e tamén o seu quefacer. E escoiteinos. O que el falaba e mais o que debuxaba. Oín, porque resoaba nidio, o mar de azuis e brancos camiños que describira o poeta, o rudo fragor das bestas que defenden crinas e liberdades na danza primixenia da rapa, o ouveo retador do lobo da terra brava, a lene maestría da mao que guía o pincel pola superficie da arxila húmida ... A arte de Vizoso posúe de seu algo que podíamos comparar co don excelso da fala, un sutil xeito de comunicación que nos permite interpretar a mensaxe tamén a través do oído interno para unha máis cumprida recepción e un mellor rexistro na nosa memoria do seu significado transcendente.


A esa arte e, sobre todo, ó artista que foi quen de definir con ela ámbitos e tempos xa inesquecibles fagamos hoxe homenaxe e recoñecemento de amizade e admiración.

Parabéns, amigo.

Paco Martín

Aproveitando a oportunidade que se nos brinda de poder deixar constancia da nosa amizade, queremos ser nós agora os que che fagan botar un sorriso e lembrar algúns dos bos momentos vividos. Eu, Dolores, quero facer referencia e que lembres as aventuras vividas á saída do traballo, esa quiela que nunca tocaba, os momentos das festas... Grazas por todas as experiencias vividas. A outra parte do 33 tamén che quere lembrar que... Mérida 44 quedou marcada coa túa "sinatura" ó igual que algún que outro dono dos bares da miña terra onde sempre ías co teu caderno. Grazas polos grandes e bos momentos vividos e parabéns por esta gran homenaxe que a tes máis que merecida. Un saúdo e unha gran aperta.

Dolores e Javier Golpe



Xosé Cobas

O cabaleiro de Mondoñedo don Xosé Vizoso do lapis en garda

Don Álvaro Cunqueiro esqueceuse de inventar a personaxe literaria do “Cabaleiro de Mondoñedo don Xosé Vizoso do lapis en garda”, entón foi a sabia natureza quen emendou o esquecemento do gran fabulador e don Xosé Vizoso emerxeu co seu enorme enxeño e agarimo para cos amigos, na Terra de Miranda.

E sei que isto é así e que don Xosé Vizoso non é realmente unha personaxe de Cunqueiro porque a sorte me fixo coñecer a súa figura elegante e amable, e comprendín que existen en Mondoñedo personaxes con tanta maxia, unha maxia chea de tenrura, que nin o propio don Álvaro foi quen de crear, porque estes seres se crean a si mesmos para ben dos que os coñecemos.

Pódese loar o traballo artístico do Vizoso, pero se teño que destacar o motivo polo que me sinto feliz de ser o seu amigo é porque don Xosé Vizoso é un home cargado de tenrura e un enxeñoso sentido do humor, e nada mellor pode pedirse dun home, que sexa quen de amosar tenrura para cos seus amigos e que os faga rir, e nisto Vizoso é un consumado mestre.

X. H. Rivadulla Corcón



Alberto Guitián

Evoco con agrado dous dos encontros coa obra de Xosé Vizoso; un deles nun curso de reciclaxe para profesionais do turismo, onde escollín promocionar As San Lucas no desenvolvemento dun exercicio práctico perante un autorizado auditorio e, recentemente, nunha librería a piques do fechamento.

No primeiro caso, tras suxerir o xogo de busca das cinco bestas agochadas no trazo apertado e contundente do cartel de 2014, a miña exposición ficou eclipsada pola frenética procura desencadeada entre o público... E deron en se computar cabalos a oito!

E hai unhas semanas, remexendo nuns andeis xa mirrados por letraferidos e lectores compulsivos, dei con *Cartas a Lelo* en Edicións do Castro; confeso, non sen pudor, que tal obra non nutría aínda a miña biblioteca nin tiña arrequecido a miña bagaxe.

Decateime de que na capa daquel libro latexaba un alento familiar, próximo; xaora, alí estaba tamén, a pegada de Xosé Vizoso. Sempre ARTÍFICE, en senso literal.

Lionel Rexes

Palabras amigas para Xosé Vizoso

Lembro coma se fose hoxe a primeira vez que cadrei co grande artista Xosé Vizoso. Visitara eu o Instituto Galego de Información canda Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda, ambos e dous excelentes amigos do propio Vizoso e tamén de Isaac Díaz Pardo, que mo presentou. Apareceu enfaixado nunha longa bata branca a carón dunha peza de non pequeno tamaño que andaba a modelar. Pregunteille para saber en que se ía converter e exclamou: “Estou creando unha Deusa da Cervexa, que se apiadará de todos os sedentos deixando fluír Estrella Galicia nunha billa columnada”.

A partir daquel día a miña amizade con Vizoso non parou de medrar. Coincidimos en eventos, celebracións e proxectos, especialmente naqueles que tiñan o común amigo Neira Vilas como nexo, co que moito colaborou, ilustrándolle libros e noutras angueiras, o que fixo que a Fundación que leva o seu nome o sumase como vogal do seu padroado o pasado febreiro.

Nestas e noutras angueiras culturais temos ido cruzando ao longo dos anos e decote puiden comprobar a xenialidade deste creador mindoniense, ao que non hai desafío artístico que se lle resista. Máis aínda: dou fe da súa inesgotable xentileza, pois cada vez que se lle demandou axuda sempre respondeu tendendo a man.

Todos estes valores como senlleiro creador fóronlle recoñecidos polos responsables da Fundación Eduardo Pondal, que lle concederon o Premio Bo e Xeneroso 2013, aplaudindo o seu inequívoco compromiso coa lingua propia e co noso pobo. Estiven na Ponteceso aquel día para felicitalo e vivín esa alegría xunto ao benquerido Pepe Neira. Por iso quero felicitar agora os organizadores deste volume de homenaxe, que acompaña o seu nomeamento como Fillo Predilecto de Mondoñedo pola corporación municipal presidida por dona Elena Candia. Nada máis xusto e grato.

Debuxante, escultor, ilustrador, cartelista, ceramista e deseñador, ten marcado unha época na arte galega e sen o seu concurso non se pode entender a revolución cultural que Sargadelos e Edicións do Castro supuxeron para Galicia, por iso ten de recibir esta merecidísima honra e as que virán.

Como secretario xeral de Política Lingüística, mais tamén como amigo e admirador seu, quero darlle os parabéns moi expresivamente e desexarlle que, como naquel primeiro encontro, a fonte manantía da súa arte siga calmando a nosa sede de beleza.

Valentín García Gómez
Secretario xeral de Política Lingüística
Xunta de Galicia

Quen me dera saber debuxar

De moi boa gana colaboro nesta homenaxe ó grande e admirado amigo Vizoso, pero só me dan 1000 caracteres con espazos incluídos e xa consumín 152.

Eu non tiven a sorte de ter o mestre Juan Puchades que me ensinase a debuxar o pensamento, nin as destrezas de Vizoso para colorear ideas, por iso necesito máis de mil palabras por cada trazo e iso para non dicir nada.


Se soubese debuxar, o primeiro trazo sería unha liña curva coas puntas cara abaixo. Duns dez centímetros e medio de longa, e “anchota”, así como de medio furco, de maneira que houbera que meterse por debaixo para verlle a boca, e capaz de servirlle de parapeto ó tímido gran artista que se agocha detrás.

Alá van 520! Por riba desa, trazaría outra liña curva tamén, pero esta volteada cara arriba, máis longa e máis delgada, coma se fose o perímetro dunha pota na que gurgullan constantemente gasosos prodixios que só se fan visibles ó arrefriaren e solidificárense na punta dos dedos. En vez de asas ós lados, había poñerlle, por debaixo dun sombreiro de palla ou dunhas greñas rebeldes, dous ollos de mirar picarón e un chisquiño bulrón, como dun humorista medio escéptico, estilo Isaac, que está de volta de moitos sitios ós que os outros aínda non fomos.

Van 944! Non teño idea de como debuxar sentimentos, porque, para máis, un sentimento vale por mil imaxes. Non se me ocorre como debuxar a inconmensurable tenrura dun dos máis bos e xenerosos. Axudádeme, por favor, que eu non sei.

Paseime en 300 e non dixen o que quería! Perdón, Pepiño. Moitas grazas e disimula.

Xosé Manuel Carballo Ferreiro



Jorge Espiral

Breve memoria do traballo de Xosé Vizoso

Ao longo de vinte anos, os últimos de vida das Edicións do Castro, a editorial facíame chegar con regularidade as súas novidades editoriais. Como lector e crítico literario aqueles libros supuxeron para min unha bafarada de aire fresco: formaban e axudaban a entender o noso pasado, tamén o presente, desde o rigor e a valentía.

En todos aqueles volumes había algo en común como era a sinatura de Vizoso. El sabía outorgarlles, na súa natural diferenza e heteroxeneidade, esa estética particular e común que irmandaba os libros de Do Castro: aí plasmaba as súas ideas sobre o deseño e ilustracións e construíu, aos poucos, esa marca da casa aínda indeleble que concibía o libro como algo máis que un obxecto, transparentando o tratamento case artesanal que cada exemplar recibía. Aquela fábrica de soños que materializou tantos proxectos e ideas a través do IGI tiña, a carón de Isaac D. Pardo, un talentoso obreiro da ilustración e do deseño que foi Xosé Vizoso. Deixo constancia aquí da miña admiración polo seu traballo.

Ramón Nicolás
Profesor e escritor

Para Xosé Vizoso.

Dende quen ve e se admira ata quen crea visualizacións e causa admiración: un saúdo e unha louvanza. Canto mérito ten saber ler nese mundo agochado e profundo que todos levamos dentro e traducir o seu manancial inesgotable en imaxes e figuras! Que poucos e que privilexiados son os que nacen coa espontaneidade creativa e a plasman en cousas visibles e táctiles, fabricando a cada momento nas súas obras a maxia plástica e creadora. Dende Mondoñedo e dende Sargadelos para o mundo un artista, Xosé Vizoso, uns anos no seu traballo e unha eternidade na súa arte.

Pepe Peinó

Homenaxe a Vizoso


Motivo de gran ledicia é, para o vello cronista, participar na homenaxe que amigos e admiradores lle renden a Xosé Vizoso, a quen dende hai medio século nos une unha amizade entrañable. Cando o que subscribe tivo a idea de promover a creación dun colectivo que agrupase os artistas plásticos da Mariña —O Feitizo—, afiliáronse, dende o primeiro intre, os mindonienses Puchades, Vizoso e Luis Gacio. Este finou novo e dos compañeiros —dos que xa eramos amigos—, ao se intensificar a nosa relación compartindo iniciativas, traballos e ilusións, puidemos coñecer mellor os seus grandes valores humanos, pois os artísticos eran abondo coñecidos e valorados.

Agora é Vizoso quen recibe a merecida homenaxe. A xenerosidade da que fixo e fai discreta forma de estar na vida, a dispoñibilidade e o altruísmo, o amor á terra e ás xentes e a súa bonhomía fixeron que gañase o afecto e o respecto dos cidadáns: todo envolto nunha modestia de seu natural, que é virtude dos grandes homes. Os nosos parabéns.

Suso Fernández
Cronista oficial de Foz



Miguel Macía



Séchu Sende

Ao mestre Vizoso

Conta o Vizoso que hai anos, cando ía no seu Seat Ritmo pola estrada e pasaba por diante da Benemérita, os gardas “cuadrábanse” e saudábano como se se tratara dun alto mando da Garda civil. Coñecendo ao Vizoso, supoño que lles diría: Descansen!

Daquela aínda tiña o bigote máis grande que agora...

Pero non vos enganades, o seu corazón é moito máis grande que o seu bigote.

Coñecémonos grazas ao teatro e afirmo que aínda que non exerza oficialmente de cómico é un comediante. Como diría el “un carallán”.

Para darse conta disto abonda tomar un viño con el en calquera taberna e prestarlle atención á súa parola e ao seu lapis.

Para min é un carallán moi especial, un mestre co que dá gusto estar, aprender, compartir. Ao longo destes anos tiven o privilexio de traballar con el en varios espectáculos teatrais para os que nos fixo os carteis, deseños de escenografía, atrezzo, máscaras, ilustracións para libros... Canta sabedoría! Canta arte!

Como dicía outro persoeiro ilustre de Mondoñedo: Que sexan mil primaveras máis disfrutando da túa arte e da túa amizade.

Pepe Penabade



Siro López

Xosé Vizoso, artista nacional

Esas cores potentes
e esas liñas afoutadas
con que son reconcentradas
todas as cousas presentes,

esas flores, esas xentes,
eses mundos, esas xeiras,
esas xuntas, esas feiras,
eses animais ardentes,

son a imaxe da nación
dexemprada da opresión
e a néboa da servidume

que o noso Xosé Vizoso
nos soña alegre e teimoso
nun soño de amor e lume.

Darío Xohán Cabana

A Xosé Vizoso


No mes da lúa do corvo
naceu en Mondoñedo un xenio
mago e poeta do lapis
xeneroso, humilde e honesto.

Artista que pinta emocións
dálle cor ao branco e negro,
debuxa silencios e soños
ilustra vida e sentimentos.

Carteis que zumegan arte,
alma e mestre de Sargadelos,
trazos que amolecen a alma
mago, xenio e artista auténtico.

No mes da lúa do corvo
a néboa bicou Mondoñedo.

Rosalía Morlán Vieites



Pagar débedas

En agradecemento a Xosé Vizoso, en particular pola súa desinteresada colaboración con Casahamlet, Revista de Teatro.

Cando o axente chama ao timbre da súa vida, o poeta está a piques de non abrir a porta. Mais un impulso suicida traizóao e descorre o veo da súa seguridade física.

O axente entra a vocear pasados e futuros desastrosamente pronunciados e vaise cara a el. El deféndese con toda a súa alma recuando, até tropezar cunha mesta parede de poemas que lle impiden retroceder máis.

Nese estado de extrema indefensión e, xusto antes de morreren esmagados pola torre de poemas, o axente tira da súa cartucheira unha letra impagada que derruba a parede.

O caso está claro: o acreedor ignoraba o poder da poesía, o poeta ignoraba o poder dos cartos.

Isaac Ferreira

Porto de Santa Cruz (Oleiros)



J.M. Revaldería



Neira Brosch



Mauro Leivas

Xosé Vizoso Fernández chegou ao Grupo Sargadelos da man do seu mestre de debuxo en Mondoñedo, Sr. Puchades, a finais dos sesenta do pasado século. Comezou o seu contacto coa cerámica na nosa planta do Castro (Sada) e logo en Sargadelos na planta de Cervo, permanecendo connosco até a súa xubilación en outubro do ano 2010.

Preto, xornada a xornada, de Díaz Pardo e coa referencia dende a distancia de Luís Seoane, comprendeu axiña o significado de Sargadelos e soubo plasmalo nos seus deseños, converténdose no deseñador principal do Grupo, tendo a gala sempre a súa orixe mindoniense, como se pode observar nalgunhas das súas realizacións (“As San Lucas”, por exemplo) .

A demais de ocupar un lugar salientable no deseño e cartelismo galegos, Vizoso colaborou e debuxou moitas das portadas dos libros editados por Edicións do Castro (estoulle especialmente agradecido por deseñar a portada dun pequeno poemario meu, escrito cando era mozo e máis inxenuo).

Aos centos de compañeiros que compartimos con el o seu labor en Sargadelos durante tantos anos, alégranos que o concello onde naceu o recoñeza. Polo que, para Sargadelos, é unha honra tamén esta homenaxe que lle dedica a Vizoso a súa cidade natal.

Segismundo García

Para o deseñador e artista, Xosé Vizoso,
pola beleza que, tan silandeiramente e
de cote, sementou nas nosas vidas.

A túa liña é o río onde nace o eixe invisible
de toda simetría, o íntimo equilibrio entre a razón
e o misterio, a xeométrica revelación
dos ritmos ancestrais ou dun presaxio
que como tenrura Insubornable
adoito aniña o corazón.

E é dese latexo, paixón ou entrañable animal
de baixo terra, que o vermello agroma e vén
facer avinza co preto da noite ou coa flor
do toxo, coa herba esmeralda ou co azul infindo.
Pois todo vén nas mans da arxila, nas túas mans
que debuxan ou esculpen o húmido alento dun País,
rastros e rostros dunha liña que ao cabo se curva
sutil como unha á, onda mariña ou solidario abrazo.

Eva Veiga



Artiaga

